
CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2016





CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

**MEMORIA
2016**



CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2016

que o Consello Consultivo de Galicia en Pleno eleva ao
Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto
no artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril



SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2017

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Prólogo polo presidente don José Luis Costa Pillado	13
I. Introducción	17
II. O Consello Consultivo de Galicia	19
1. Composición a 31 de decembro de 2016	21
1.1. Cesamento do conselleiro nato do Consello Consultivo de Galicia don Emilio Pérez Touriño	22
1.2. Nomeamento e toma de posesión do novo conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia	22
2. Normativa reguladora	22
3. Medios	25
3.1. Persoal	25
3.2. Orzamento 2016	26
III. ACTIVIDADE CONSULTIVA	29
1. Datos estatísticos relativos aos asuntos sometidos a consulta	31
1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante	31
1.2. Clasificación dos asuntos por materias	40
1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames	42
1.4. Comunicación das resolucións	43
1.5. Fórmula de incorporación dos ditames	43
1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia	43
1.7. Asuntos aprazados	44
1.8. Relación de asuntos sometidos a consulta (anexo, 111-138)	44
2. Sesións realizadas no ano 2016	44
IV. ACTIVIDADE NON CONSULTIVA	47
1. Páxina web	49
2. Xornadas, seminarios e cursos	49
2.1. <i>V Jornadas de Letrados de Consejos Consultivos y del Consejo de Estado</i>	49
2.2. <i>XVII Jornadas de la Función Consultiva</i>	51

3. Actos e actividades institucionais	52
4. Convenios	53
4.1. Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública	53
5. <i>PRACTICUM</i> DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	54
6. MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES	54
 V. VINTE ANOS DA FUNCIÓN CONSULTIVA	57
1. Datos estatísticos relativos aos expedientes ditaminados durante o período 1996 – 2016	59
 VI. OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS	63
1. Proxectos normativos	65
1.1. Regulamento xeral de estradas de Galicia	65
1.2. Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia	67
1.3. Proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento único para a regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos	68
1.4. Proxecto de decreto de cooperación para o desenvolvemento	69
1.5. Garantía da unidade de mercado	71
1.6. Proxecto de decreto polo que se regula a ordenación dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico	72
1.7. Proxecto de decreto polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia	72
2. Recurso de inconstitucionalidade	73
2.1. Alcance das competencias estatais en materia de estradas	73
3. A revisión de oficio	79
3.1. A revisión de oficio amparada no artigo 62.1.f) da LRXPAC: determinación do requisito “esencial”	79
3.2. A revisión de oficio en execución de sentenza que ordena tramitar o procedemento sen predeterminar o contido da resolución que se dite	83
4. Recurso extraordinario de revisión	87
4.1. A aparición de documentos de valor esencial para a resolución do asunto que evidencien o erro da resolución recorrida	87

5. A contratación administrativa	90
5.1. Incumprimento dos prazos parciais e do prazo total da execución das obras dun centro de saúde	90
5.2. Posibilidades novas ou causas imprevistas no exercicio do <i>ius variandi</i> de modificación de contratos administrativos pola Administración	92
5.3. Exercicio pola Administración da prerrogativa de interpretación unilateral dos contratos administrativos: modificacións legais que require a Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo e urbanismo de Galicia	95
6. Responsabilidade patrimonial sanitaria	96
6.1. A consideración dos danos iatroxénicos	96
6.2. A prescrición da acción e os danos continuados	97
6.3. O principio de congruencia entre o <i>petitum</i> da reclamante e a resolución finalmente ditada	100
7. Responsabilidade patrimonial	101
7.1. Cesamento de postos de traballo ocupados polo procedemento de libre designación en execución de sentenza xudicial	101
7.2. Danos ocasionados por incendio en caso de concesión administrativa	103
7.3. A responsabilidade patrimonial por pasividade e inactividade administrativa	105
7.4. A consideración dos danos futuros	109
ANEXO	111

PRÓLOGO

No principio foi a Constitución de 1978, asentada na vontade democrática dos cidadáns e cualificada por algún constitucionalista como a máis sabia das nosas constitucións. Ela foi a que configurou un Estado territorialmente complexo, con recoñecemento de autonomía política ás Comunidades Autónomas e establecemento dun novo nivel administrativo territorial, o das administracións autonómicas.

Ese sistema estatal, no que as Comunidades Autónomas asumen competencias legislativas propias e no que, en cumprimento das previsións dos distintos Estatutos, transfírense ás administracións autonómicas numerosas competencias executivas, fixo esixible a creación dun entramado institucional chamado a dar vida e vixencia real ao novo modelo de Estado das Autonomías, nun proceso aberto só modulado polos respectivos Estatutos de Autonomía e reais decretos de transferencias.

Por último, nese entramado houbo necesidade de inxerir novas institucións que, aínda presentando similitude, en canto ás funcións a desenvolver, con outras existentes a nivel estatal, tivesen unha total vinculación co feito autonómico e coaduxasen, dende esa perspectiva, á mellor aplicación do dereito propio e ao mellor exercicio daquelas competencias executivas.

Dese modo xeneralizouse, seguindo a vía aberta polo Tribunal Constitucional na súa sentenza 204/1992, a presenza dos Consellos Consultivos Autonómicos, que viñeron a substituír ao Consejo de Estado nas materias de competencia autonómica, harmonizando así a función consultiva co modelo constitucional de descentralización política.

O Consello Consultivo de Galicia, que como outros similares foi tributario, en principio, das inercias derivadas das funcións consultivas dun órgano estatal, cal era o Consejo de Estado, experimentou nos últimos tres anos un manifesto fortalecemento coa asignación ao mesmo de novas e relevantes funcións e coa ampliación do ámbito subxectivo de actuación da súa intervención consultiva.

Foi o lexislador de 2014 o que optou por ese fortalecemento. En primeiro termo, ao configurar ao Consello Consultivo de Galicia como supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, fronte ao seu anterior conceptuación que o confinaba ao exercicio de funcións consultivas só respecto do Goberno galego. En segundo lugar, ao sumar ás tradicionais

funcións ditaminadoras do Consello Consultivo a posibilidade de intervención do mesmo na actividade prelexislativa do Goberno, xa o for por vía de emisión de ditames facultativos nos procesos de elaboración de leis de iniciativa da Xunta de Galicia (do que é mostra o ditame emitido en relación co anteproxecto da que sería Lei 14/2016, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da área metropolitana de Vigo), xa por a máis novidosa, no panorama do dereito comparado, de redacción de anteproxectos lexislativos que pode encomendarlle o Consello da Xunta de Galicia (como sucedeu co anteproxecto da que é Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, redactado no seo da Sección de Estudos e Informes do Consello Consultivo).

Ademais, igual ou maior relevancia que as novidades anteriores a ten a atribución ao Consello Consultivo de facultades para a emisión de informes sobre cuestións concretas que a xuízo da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia sexan de transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia e aquel poida solicitarlle, posibilidade de solicitude que, por Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, estendeuse ás persoas titulares da presidencia das entidades locais. Esta función, no breve tempo transcorrido, adquiriu unha progresiva relevancia pola solvencia xurídica coa que o Consello Consultivo emite os seus informes nun contexto de avalancha de Dereito positivo de todo rango, tendo aportado por esta vía posibles solucións a cuestións xurídicas complexas xurdidas na aplicación de normas de recente implantación, como a Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia ou a Lei do solo de Galicia, ou clarificando dúbidas competenciais entre concellos e Xunta de Galicia, ou mesmo salvando dificultades en supostos de execución de sentenzas, como as provocadas pola anulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo.

No ano 2016, ao que se refire a presente Memoria de Actividades, o Consello Consultivo de Galicia cumpriu dúas décadas de existencia. Esa circunstancia conmemorativa coincidiu no tempo coa elección do dito Consello como organizador e anfitrión das XVIII Xornadas Nacionais dos Consellos Consultivos, que terán o seu desenvolvemento no mes de outubro de 2017 e na que participarán diferentes representantes da maxistratura, da cátedra e dos servizos xurídicos da Comunidade Autónoma para abordar e reflexionar sobre aspectos comúns a esas institucións.

Creo coincidir co sentir unánime de todos os que no Consello Consultivo de Galicia serviron e serven se manifesto que esa efeméride constitúe un motivo de gran satisfacción polo que supón de consolidación dunha institución que se revelou como unha peza sumamente importante no funcionamento da nosa autonomía dentro da cal, cun cometido preventivo garantizador, axuda ao mellor exercicio das difíciles funcións que teñen encomendadas os poderes públicos. Se o acadou sería grazas á confianza que o lexislador autonómico depositou no Consello Consultivo e ás capacidades postas a disposición deste por cantos viñeron e veñen desenvolvemento función nel. En man destes últimos está conservar e acrecentar a *auctoritas* acumulada, e para logralo non existe outro medio que o camiño de superación e o de abandono de posicións estáticas e de prexuizos que poden resultar encubridores de subxectivismos puramente persoais. O mantemento do importante cometido que ten atribuído o Consello Consultivo de Galicia e o mellor servizo que debe aos cidadáns o esixe.

José Luis Costa Pillado

Presidente

I

INTRODUCCIÓN

A presente memoria, correspondente ao ano 2016, foi aprobada polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia na sesión celebrada o 21 de xuño de 2017 para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Conforme prevé o artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e o artigo 2 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, a memoria recolle, en esencia, a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2016, no que se cumpren vinte anos dende a súa creación, polo que comprende tamén un resumo deste período. Así mesmo, recolle as observacións e suxestións que se considera oportuno realizar en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

II O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

1. COMPOSICIÓN A 31 DE DICIEMBRE DE 2016

- PLENO

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros electivos:

Don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez

Don José Abelardo Blanco Serrano

Don José Antonio Fernández Vázquez

Don Eduardo Antonio Sánchez Tato

Conselleiros natos:

Don Gerardo Fernández Albor

Don Fernando Ignacio González Laxe

Secretaria xeral:

Dona Marta Dorado Romero

- SECCIÓN

Sección de Ditames

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros:

Don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez

Don José Abelardo Blanco Serrano

Don José Antonio Fernández Vázquez

Don Eduardo Antonio Sánchez Tato

Secretaria:

Dona Marta Dorado Romero

Sección de Estudos e Informes

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros:

Don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez

Don Fernando Ignacio González Laxe

Secretaria:

Dona Marta Dorado Romero

1.1. Cesamento do conselleiro nato do Consello Consultivo de Galicia don Emilio Pérez Touriño

O día 16 de marzo de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 52 unha Resolución do 11 de marzo de 2016 da Presidencia do Consello Consultivo de Galicia pola que se facía público a expiración do mandato de don Emilio Pérez Touriño como conselleiro nato deste órgano consultivo, de acordo co previsto no artigo 4.4 e na disposición transitoria segunda da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia. Don Emilio Pérez Touriño, incorporouse como conselleiro nato do Consello Consultivo de Galicia o 11 de marzo de 2010 e exerceu o seu mandato por un período de seis anos. O cesamento produciuse o día 11 de marzo de 2016, agradecéndolle os servizos prestados.

1.2. Nomeamento e toma de posesión do novo conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia

No *Diario Oficial de Galicia* número 148, do 5 de agosto de 2016, publicouse o Decreto 97/2016, do 4 de agosto, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se nomea a don Eduardo Antonio Sánchez Tato como conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia, en virtude do establecido nos artigos 3.2 e 4.3 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, oído o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 4 de agosto de 2016. O 17 de agosto de 2016 tivo lugar o acto oficial de toma de posesión, presidido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo.

2. NORMATIVA REGULADORA

- Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 28 de abril)

Os máis de tres lustros transcorridos desde a entrada en vigor da Lei 9/1995, do 10 de novembro, supuxeron un lapso de tempo suficiente para comprobar a eficacia do Consello Consultivo de Galicia, pero ese tempo tamén puxo de relevo a necesidade de dotar a institución dunhas características que a axustasen mellor ao complexo sistema xurídico actual.

Como consecuencia do anterior, no ano 2014 aprobouse unha nova Lei do Consello Consultivo de Galicia (Lei 3/2014, do 24 de abril).

No ano 2016 introdúcense importantes modificacións nos artigos 14 e 21 da citada Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia pola disposición derradeira segunda da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 69 do 12 de abril de 2016.

Así, o apartado un da disposición derradeira segunda da Lei 4/2016, do 4 de abril, dá unha nova redacción ao artigo 14 da Lei 3/2014, do 24 de abril, en relación coas propostas e informes, xa que introduce a importante novidade de que as persoas titulares da presidencia das entidades locais poidan solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes sobre cuestións concretas de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras cousas, polo que o artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

“Artigo 14. Propostas e informes.

1. *O Consello da Xunta poderá encomendarlle ao Consello Consultivo de Galicia a redacción de anteproxectos lexislativos e a elaboración de propostas lexislativas ou de reforma estatutaria. A súa realización deberá axustarse estritamente ao ámbito delimitado polos criterios e obxectivos expresados polo Consello da Xunta.*
2. *Poderá tamén a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, pola súa exclusiva iniciativa, solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes sobre calquera cuestión concreta cando, ao seu xuízo, sexan de transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia.*
3. *Así mesmo, as persoas titulares da presidencia das entidades locais poderán solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de informes sobre cuestións concretas de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, entenderase que unha cuestión reviste especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia nos seguintes casos:*
 - a) *Cando apareza referida a normas cuxa aplicación ao caso ou cuxa interpretación na súa aplicación a este resulte dubidosa.*
 - b) *Cando transcenda do caso concreto porque presente unha cuestión xurídica de relevante e xeral repercusión económica ou social.*
 - c) *Cando fose resolta por distintas administracións públicas de Galicia con criterios xurídicos contradictorio”.*

E o apartado dous da citada disposición derradeira segunda da Lei 4/2016, do 4 de abril, dá unha nova redacción ao artigo 21 da Lei 3/2014, do 24 de abril, en relación, tamén, cos informes solicitados polas persoas titulares da presidencia das entidades locais, que queda redactado como segue:

“Artigo 21. Sección de Estudos e Informes.

1. *A Sección de Estudos e Informes estará composta pola persoa titular da Presidencia do Consello, quen presidirá, por unha conselleira ou conselleiro electivo e por unha conselleira ou conselleiro nato, que será designada/o anualmente polo Pleno por proposta da Presidencia do Consello. Poderá incorporarse a ela, para a súa intervención limitada a un asunto concreto, outra conselleira ou conselleiro electivo, que se designará da mesma forma.*
2. *Compételle a esta sección a redacción dos anteproxectos lexislativos e a elaboración para o seu sometemento ao Pleno, das propostas lexislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta encomende ao Consello Consultivo.*
3. *Compételle, así mesmo, a realización dos informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e as persoas titulares da Presidencia das entidades locais soliciten.*

No caso das entidades locais, na solicitude de informe deberá expoñerse con claridade e precisión a cuestión concreta sobre a que versa a dita solicitude e a xustificación da súa posible consideración como de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia, con invocación expresa do suposto previsto no artigo 14.3 que se considere de aplicación. A solicitude deberá ir acompañada da documentación que lle sirva de fundamento.

A Sección de Estudos e Informes examinará a solicitude e, no caso de que, por maioría dos membros presentes, se aprecie que non concorre ningún dos supostos previstos no artigo 14.3, acordarase a devolución do expediente e o arquivamento do actuado, sen máis trámite.

4. *Cando a realización dun determinado anteproxecto lexislativo, dunha proposta lexislativa ou de reforma estatutaria ou dun concreto informe requira información ou asesoramento técnico especializado, poderá so-*

licitarse a asistencia de persoal funcionario doutros corpos do sector público autonómico”.

- **Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 124, do 3 de xullo)**

O Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia foi aprobado no ano 2015, mediante o Decreto 91/2015, en cumprimento da disposición derradeira primeira da Lei 3/2014, do 24 de abril, e permanece inalterable no ano 2016.

3. MEDIOS

3.1. Persoal

De acordo co artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, o Consello Consultivo de Galicia está asistido polo seu propio corpo de persoal letrado. O resto das prazas de persoal, correspondentes aos servizos de apoio, son cubertas -segundo o artigo 29 da súa lei reguladora-, por persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou do Estado.

Durante o ano 2016 o Consello Consultivo de Galicia contou co seguinte persoal:

Persoal letrado

Don Pablo José López Paz¹

Dona Ana M.^a López Guizán

Dona M.^a José Quintana Acebo

Don José Carlos López Corral

Dona Carmen M.^a Salgueiro Moreira²

Don José Ángel Oreiro Romar³

¹ reingreso ao servizo activo tras a situación de servizos especiais o 23.06.2016

² en comisión de servizos ata o 7.11.2016

³ en comisión de servizos

Persoal de servizos de apoio

Servizo de Administración e Xestión

Dona Patricia Roiloa Rodríguez

Documentación e biblioteca

Dona María José Fábregas Valcarce

Servizos administrativos

Dona María Bargados Bargados

Dona M.^a del Carmen Betanzos Pérez

Don Jose Luis Fernández Rey

Dona Yolanda González Conde

Don Manuel Novo López

Dona M.^a del Carmen Paz Galbán

Don Francisco Javier Santos Pérez


Dona M.^a Dolores Tarrío Potel

3.2. Orzamento 2016

No seu conxunto o orzamento do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2016 ascendeu á cantidade de dous millóns cincuenta e nove mil setecentos oitenta e catro euros (2.059.784,00 €), o que supuxo unha leve recuperación do 0,95% respecto do exercicio anterior de 2015.

- **Capítulo I.** Gastos de persoal. Cuantifícanse, incluíndo Seguridade Social, nun millón seiscentos sesenta e tres mil oitocentos cincuenta e sete euros (1.663.857,00 €). Cun incremento do 2,40% con respecto ao ano anterior derivado esencialmente da suba do 1% nos salarios do persoal ao servizo deste órgano, así como ao fondo de recuperación retributiva previsto para dar cobertura á recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012 que, en todo caso, viñan marcados pola propia Consellería de Facenda.
- **Capítulo II.** Gastos correntes en bens e servizos. O orzamento deste capítulo para o exercicio 2016 acadou a cifra de douscentos noventa e catro mil novecentos vinte e sete euros (294.927,00 €), o que representa unha minoración do 6,23% con respecto ao exercicio anterior, sendo unha baixada semellante á establecida no exercicio anterior.
- **Capítulo VI.** Investimentos reais.- Neste capítulo o importe total para o ano 2016 foi de cento un mil euros (101.000,00 €), exactamente igual que a do exercicio orzamentario anterior.

ORZAMENTO POR CAPÍTULO
EXERCICIO 2016



III ACTIVIDADE CONSULTIVA

1. DATOS ESTADÍSTICOS RELATIVOS AOS ASUNTOS SOMETIDOS A CONSULTA

Durante o período xaneiro - decembro de 2016 sometéronse a consulta deste órgano **421 expedientes** correspondentes ao referido ano.

1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante

- ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 314

De acordo co Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 116/2005, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, solicitáronse os seguintes ditames:

Presidencia	2
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	12
Consellería de Facenda	4
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	8
Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	27
Consellería de Economía, Emprego e Industria	5
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	40
Consellería de Sanidade	194
Consellería de Política Social	4
Consellería do Medio Rural	3
Consellería do Mar	3
Portos de Galicia	2
Axencia Tributaria de Galicia	7
Axencia Turismo Galicia	3
TOTAL	314

- ADMINISTRACIÓN LOCAL: 104


Deputacións provinciais	9
Concellos	95
Total	104

- ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 3

Universidade de Santiago de Compostela	1
Universidade de Vigo	2
Total	3

- EXPEDIENTES POR ADMINISTRACIÓN E PORCENTAXES ANO 2016

Administración autonómica	314	74,58%
Administración local	104	24,7%
Administración universitaria	3	0,71%
TOTAL	421	100%



Dentro da clasificación dos asuntos sometidos a consulta, en virtude da procedencia da súa solicitude, a relación destes é a seguinte:

-ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 314

Presidencia: 2

Informe (1)

Proxecto de decreto (1)

Vicepresidencia e Consellería Presidencia, AA.PP. e Xustiza: 12

Anteproxecto de lei (2)

Informe (1)

Proxecto de decreto (8)

Recurso de revisión (1)

Consellería de Facenda: 4

Proxecto de decreto (2)

Proxecto de orde (1)

Revisión de oficio (1)

Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: 27

Informe (1)

Proxecto de decreto (2)

Responsabilidade patrimonial (23)

Revisión de oficio (1)

Consellería de Infraestruturas e Vivenda: 8

Convenios comunidades autónomas (1)

Proxecto de decreto (2)

Recurso de inconstitucionalidade (1)

Recurso de revisión (1)

Responsabilidade patrimonial (3)

Consellería de Economía, Emprego e Industria: 5

Proxecto de decreto (2)

Recurso de revisión (3)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: 40

Contratos administrativos (2)

Proxecto de decreto (23)

Responsabilidade patrimonial (5)

Revisión de oficio (10)

Consellería de Sanidade: 194

Contratos administrativos (2)

Proxecto de decreto (2)

Responsabilidade patrimonial (190)

Consellería de Política Social: 4

Proxecto de decreto (3)

Responsabilidade patrimonial (1)

Consellería do Medio Rural: 3

Proxecto de decreto (2)

Revisión de oficio (1)

Consellería do Mar: 3

Concesión administrativa (1)

Recurso de revisión (1)

Responsabilidade patrimonial (1)

Portos de Galicia: 2

Responsabilidade patrimonial (2)

Axencia Tributaria de Galicia: 7

Responsabilidade patrimonial (1)

Revisión de oficio (6)

Axencia Turismo de Galicia: 3

Contratos administrativos (1)

Proxecto de decreto (1)

Revisión de oficio (1)

-ADMINISTRACIÓN LOCAL: 104

DEPUTACIÓNS: 9

Deputación da Coruña: 3

Contratos administrativos (3)

Deputación de Lugo: 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Deputación de Ourense: 2

Responsabilidade patrimonial (2)

Deputación de Pontevedra: 3

Contratos administrativos (2)

Responsabilidade patrimonial (1)

CONCELLOS: 95

Concello de Queimadelos (entidade local menor): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Ares (A Coruña): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Betanzos (A Coruña): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Boimorto (A Coruña): 2

Revisión de oficio (2)

Concello de Boiro (A Coruña): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Boqueixón (A Coruña): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Cambre (A Coruña): 2

Contratos administrativos (2)

Concello de Cedeira (A Coruña): 2

Contratos administrativos (1)

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Cee (A Coruña): 1

Contratos administrativos (1)

Concello da Coruña (A Coruña): 6

Concesión administrativa (1)

Contratos administrativos (2)

Responsabilidade patrimonial (3)

Concello de Culleredo (A Coruña): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Curtis (A Coruña): 1

Informe (1)

Concello de Fene (A Coruña): 4

Recurso de revisión (1)

Responsabilidade patrimonial (2)

Revisión de oficio (1)

Concello da Laracha (A Coruña): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Moeche (A Coruña): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Muros (A Coruña): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Muxía (A Coruña): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Narón (A Coruña): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Oleiros (A Coruña): 1

Informe (1)

Concello de Ordes (A Coruña): 4

Responsabilidade patrimonial (2)

Revisión de oficio (2)

Concello de Oroso (A Coruña): 2

Contratos administrativos (2)

Concello de Ortigueira (A Coruña): 1

Informe (1)

Concello de Pontedeume (A Coruña): 1

Informe (1)

Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña): 1

Informe (1)

Concello de Sada (A Coruña): 1

Informe (1)

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): 6

Responsabilidade patrimonial (5)

Revisión de oficio (1)

Concello de Teo (A Coruña): 1

Recurso de revisión (1)

Concello de Vimianzo (A Coruña): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Burela (Lugo): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Chantada (Lugo): 2

Revisión de oficio (2)

Concello de Cospeito (Lugo): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Mondoñedo (Lugo): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Ribadeo (Lugo): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello do Vicedo (Lugo): 1

Revisión de oficio (1)

Concello do Barco de Valdeorras (Ourense): 2

Responsabilidade patrimonial (1)

Revisión de oficio (1)

Concello do Carballiño (Ourense): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Ourense (Ourense): 7

Responsabilidade patrimonial (5)

Revisión de oficio (2)

Concello de Rubiá (Ourense): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Xinzo de Limia (Ourense): 1

Informe (1)

Concello de Bueu (Pontevedra): 2

Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Gondomar (Pontevedra): 3

Informe (2)

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello do Grove (Pontevedra): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello da Guarda (Pontevedra): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Marín (Pontevedra): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Mondariz-Balneario (Pontevedra): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Moraña (Pontevedra): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Nigrán (Pontevedra): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Ponteareas (Pontevedra): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Pontevedra (Pontevedra): 2

Contratos administrativos (1)

Informe (1)

Concello de Redondela (Pontevedra): 2

Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Sanxenxo (Pontevedra): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Tui (Pontevedra): 1

Informe (1)

Concello de Valga (Pontevedra): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Vigo (Pontevedra): 8

Contratos administrativos (1)

Informe (1)

Responsabilidade patrimonial (5)

Revisión de oficio (1)

-ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 3

Universidade de Santiago de Compostela: 1

Contratos administrativos (1)

Universidade de Vigo: 2

Responsabilidade patrimonial (1)

Revisión de oficio (1)

XUNTA DE GALICIA Expedientes do ano 2016												
TOTALS	Co.Ad ⁴	C.Ad	C.CC. AA.	PD	PO	RR	RP	RO	AL	IF	RI	% s/T
2			1	1						1		0,64%
12			8			1			2	1		3,82%
4				2	1			1				1,27%
27			2	2			23	1		1		8,60%
8			1	2		1	3				1	2,55%
5			2	2		3						1,59%
40	2		23			5	10					12,74%
194	2		2	2		190						61,78%
4			3			1						1,27%
3			2				1					0,96%
3	1					1	1					0,96%
2							2					0,64%
7						1	1	6				2,23%
3		1		1				1				0,96%
314	1	5	1	48	1	6	226	20	2	3	1	100%
T O T A L S												

⁴ Co.Ad: concesiones administrativas. C.Ad: contratos administrativos. C.CC.AA.: convenios comunidades autónomas. PD: proxecto decreto. PO: proxecto orde. RR: recurso revisión. RP: responsabilidade patrimonial. RO: revisión de oficio. AL: anteprojecto de lei. IF: informes. RI: recurso de inconstitucionalidade


- EXPEDIENTES ENVIADOS POLA ADMINISTRACIÓN LOCAL NO ANO 2016

DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIAS	Núm. exps.	%
A Coruña	47	45.19%
Lugo	7	6.73%
Ourense	13	12.5%
Pontevedra	27	25.96%
Entidade Local Menor de Queimadelos	1	0.96%
DISTRIBUCIÓN POR DEPUTACIÓN		
Deputación da Coruña	3	2.88%
Deputación da Lugo	1	0.96%
Deputación de Ourense	2	1.92%
Deputación de Pontevedra	3	2.88%
Total	104	100%
DISTRIBUCIÓN POR MATERIAS		
Concesión administrativa	1	0.96%
Contratos administrativos	22	21.15%
Informe	12	11.54%
Recurso de revisión	2	1.92%
Responsabilidade patrimonial	46	44.23%
Revisión de oficio	21	20.19%

1.2. Clasificación dos asuntos por materias

A relación de asuntos examinados ao abeiro das competencias previstas no título III da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e segundo se establece no Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o seu Regulamento de organización e funcionamento, é a seguinte:

Concesión administrativa	2	0,48%
Contratos administrativos	28	6,65%
Convenios comunidades autónomas	1	0,24%
Proyecto de decreto	48	11,40%
Proyecto de orden	1	0,24%
Recurso de revisión	8	1,90%
Responsabilidad patrimonial	273	64,85%
Revisión de oficio	42	9,98%
Anteproyecto de lei	2	0,48%
Informe	15	3,56%
Recurso de inconstitucionalidad	1	0,24%
Total	421	100,00%




1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames

Do total dos 421 expedientes remitidos para o seu ditame por parte deste Consello, 28 foron obxecto dun acordo de devolución, ao abeiro do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que o faculta para devolver o correspondente expediente co fin de que a Administración activa consultante emende os defectos observados, sen a emisión do preceptivo ditame, e procedéndose ao arquivamento de todo o actuado.

A conclusión ou sentido final dos ditames emitidos é a seguinte:

"Sen conclusión"	7	1.66%
"Acordo de devolución"	25	5.94%
"Arquivado"	0	0%
"Desfavorable"	67	15.91%
"Devolto"	3	0.71%
"Favorable"	299	71.02%
"Inadmisíble"	0	0%
"Outros"	20	4.75%
"Acordo interpretativo"	0	0%
"Moción"	0	0%
Total	421	100%



1.4. Comunicación das resolucións

O artigo 45 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, establece a obriga de que o órgano ou institución consultante, no prazo dun mes desde a emisión do ditame, comunique á persoa titular da Secretaría Xeral do Consello a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada. O cumprimento da dita prescrición presenta os seguintes resultados:

Comunicados	325	77,20%
Non comunicados	96	22,80%
Total	421	100%

1.5. Fórmula de incorporación dos ditames

O artigo 11.5 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, sinala que as disposicións ou proxectos normativos aprobados en asuntos ditaminados preceptivamente polo Consello expresarán se se acordan en conformidade co seu ditame ou se se apartan del. No primeiro caso, conterán a fórmula “... *de acordo co Consello Consultivo de Galicia*”; no segundo, a de “*oído o Consello Consultivo de Galicia*” ou, se se conforma plenamente con algún voto particular, a de “*oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado pola conselleira ou polo conselleiro (ou conselleiras/os) ...*”. O resumo correspondente a este apartado nos expedientes ditaminados que foron comunicados é o seguinte:

De acordo	287	88,31%
Oído	9	2,77%
Outros	29	8,92%

1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia

Foron un total de catro (4) expedientes os que se someteron a consulta do Consello Consultivo de Galicia polo trámite de urxencia previsto nos artigos 24 da Lei 3/2014, do 24 de abril, e 37 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, que acurta, á metade, o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames ou informes, salvo que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou o Consello da Xunta fixen outro menor. A urxencia foi admitida en todos eles.

1.7. Asuntos aprazados

Do total de 421 expedientes sometidos a consulta no ano 2016, trinta e seis (36) foron aprazados (8,55%) ao abeiro do artigo 39 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, segundo o cal o Consello Consultivo poderá acordar a ampliación dos prazos para a emisión dun ditame ou informe por un período que non excederá da metade do inicialmente establecido. Excepcionalmente, e salvo disposición legal en contra, cando o número de solicitudes de ditame ou informe formuladas impida razoablemente o cumprimento do prazo, o órgano competente poderá ampliálo por un período igual ao orixinario.

1.8. Relación de asuntos sometidos a consulta (anexo, 111-138)

2. SESIÓN REALIZADAS NO ANO 2016

De acordo co disposto na Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, tiveron lugar as seguintes sesións:

– Pleno: 34

8 de xaneiro	13 de xaneiro	20 de xaneiro	27 de xaneiro
3 de febreiro	10 de febreiro	17 de febreiro	19 de febreiro
2 de marzo	9 de marzo	16 de marzo	6 de abril
19 de abril	26 de abril	4 de maio	6 de maio
25 de maio	1 de xuño	15 de xuño	22 de xuño
13 de xullo	20 de xullo	5 de agosto	5 de setembro
8 de setembro	14 de setembro	21 de setembro	5 de outubro
19 de outubro	2 de novembro	9 de novembro	23 de novembro
16 de decembro	21 de decembro		

– Sección de Ditames: 43

8 de xaneiro	13 de xaneiro	20 de xaneiro	27 de xaneiro
3 de febreiro	10 de febreiro	17 de febreiro	23 de febreiro
2 de marzo	9 de marzo	16 de marzo	30 de marzo
6 de abril	19 de abril	26 de abril	4 de maio
11 de maio	18 de maio	25 de maio	1 de xuño
8 de xuño	15 de xuño	22 de xuño	29 de xuño
6 de xullo	13 de xullo	20 de xullo	5 de agosto
1 de setembro	8 de setembro	14 de setembro	21 de setembro
28 de setembro	5 de outubro	11 de outubro	19 de outubro
25 de outubro	2 de novembro	9 de novembro	16 de novembro
21 de novembro	30 de novembro	16 de decembro	

– Sección de Estudos e Informes: 16

20 de xaneiro	29 de xaneiro	23 de febreiro	18 de maio
15 de xuño	22 de xuño	20 de xullo	5 de agosto
1 de setembro	21 de setembro	5 de outubro	25 de outubro
9 de novembro	23 de novembro	30 de novembro	16 de decembro

IV ACTIVIDADE NON CONSULTIVA

1. PÁXINA WEB

O Consello Consultivo de Galicia, consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación, creou a súa páxina web propia e específica. No ano 2016 as páxinas do sitio web foron revisadas novamente.

Esta páxina permite a consulta en liña dos ditames, unha ferramenta moi utilizada e valorada polos usuarios.

A web, ademais de información xeral referida ao Consello Consultivo (organización, sede, servizos e enderezos de interese), presenta a posibilidade de consultar o texto completo dos ditames elaborados desde o ano 1996. Ademais, presenta unha sección chamada *Novas* onde os usuarios poden consultar os ditames máis salientables emitidos recentemente, a actualidade do Consello, a contratación administrativa e os procesos selectivos en curso.

2. XORNADAS, SEMINARIOS E CURSOS

Os contactos cos órganos consultivos das diferentes comunidades autónomas e co Consejo de Estado para tratar asuntos de común interese á función consultiva foron, como todos os anos, habituais.

O presidente, conselleiros e letrados do Consello Consultivo de Galicia participaron en diversos actos e xornadas técnicas aos cales foron convidados por outros órganos consultivos do Estado.

2.1. *V Jornadas de Letrados de Consejos Consultivos y del Consejo de Estado*

A sede do Consell Juridic Consultiu de la Comunitat Valenciana foi o escenario o 2 e 3 de xuño de 2016 das *V Jornadas de Letrados de Consejos Consultivos y del Consejo de Estado*, que reuniron cerca de 40 letrados de toda España, incluídos algúns letrados e conselleiros do Consello Consultivo de Galicia.

As xornadas foron inauguradas polo presidente do Consell Juridic Consultiu, Vicente Garrido Mayol, quen se referiu á alta cualificación técnica dos letrados e insistiu no papel esencial dos consellos consultivos nun Estado de dereito.

Esta iniciativa contribúe, como complemento das Xornadas da Función Consultiva, a unha posta en común do traballo que realizan estas institucións e a reflexionar sobre aspectos moi concretos da alta función que teñen encomendada os

consellos consultivos, creando, desta forma, sinerxías entre os letrados dos distintos consellos.



Fotografía das xornadas

Nestas xornadas, en sete paneis distintos, os letrados debateron e reflexionaron sobre asuntos de interese práctico para a función consultiva. Entre estes destacaron os relativos ás novas leis do procedemento administrativo e do sector público, que entraban en vigor no mes de outubro de 2016.

Entre os distintos asuntos tratados cabe destacar a suspensión nos procedementos de revisión de oficio, as novas directivas sobre contratación pública ou a preceptividade do ditame do consello consultivo nos procedementos.

O presidente da Sala III do Tribunal Supremo e catedrático de Dereito Constitucional, Luis Díez-Picazo Giménez, encargouse de clausurar as xornadas o venres 3 de xuño, cunha conferencia titulada *La nueva casación contencioso-administrativa: problemas y perspectivas*.

2.2. XVII Jornadas de la Función Consultiva

Granada acolleu os días 27 e 28 de outubro de 2016 as *XVII Jornadas de la Función Consultiva*, onde se abordaron temas de suma relevancia para a Administración pública e para os cidadáns.

Contou coa participación de todos os consellos consultivos e do Consejo de Estado. No caso do Consello Consultivo de Galicia participaron nas xornadas o presidente, varios dos conselleiros electivos e a secretaria xeral.



Fotografía das xornadas

Os presidentes, conselleiros e letrados dos órganos consultivos das distintas administracións públicas analizaron as novidades da nova Lei de procedemento administrativo, tema sobre o cal se pronunciou a conferencia inaugural Francisco López Menudo, catedrático da Universidade de Sevilla e ex-conselleiro do Consello Consultivo de Andalucía.

A seguir realizouse unha mesa redonda na cal se abordaron diversas cuestións relacionadas coa contratación administrativa.

O venres 28 abordáronse cuestións relativas á elaboración de regulamentos desde o punto de vista xurisprudencial. As xornadas tamén se destinaron á análise da responsabilidade do Estado lexislador e pecháronse cunha conferencia sobre responsabilidade patrimonial do Estado por erro xudicial e como consecuencia do funcionamento da Administración de xustiza.

As xornadas foron clausuradas polo presidente do Consejo de Estado, José Manuel Romay Beccaría, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, Lorenzo del Río Fernández e o presidente do Consello Consultivo de Andalucía, Juan Cano Bueso.

3. ACTOS E ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS

No transcurso do ano 2016, o presidente do Consello Consultivo de Galicia, José Luis Costa Pillado, asistiu a diversos actos en representación de dito Consello, entre os cales cabe destacar a súa asistencia á xornada sobre *A loita administrativa e xudicial contra o narcotráfico*, que se realizou na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela o 26 de febreiro de 2016 e que foi clausurado por Rafael Catalá Polo, ministro de Xustiza.

Así mesmo, salientar a súa asistencia aos seguintes actos:

- Entrega de *Medallas do Parlamento de Galicia 2016* que tivo lugar na sede do Parlamento de Galicia o 6 de abril de 2016, coincidindo co 35 aniversario da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Presentación do libro *Os discursos parlamentarios de Fernando González Laxe. Segunda lexislatura (1987-1990)*, segundo volume da colección editada polo Parlamento e dedicada aos presidentes de Galicia, que tivo lugar o 2 de maio de 2016.
- Entrega dos *Premios ao éxito empresarial en Galicia* o 16 de xuño de 2016 en Oleiros (A Coruña).
- Entrega *Medallas Castelao* o 28 de xuño de 2016 na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela.
- *XIX Escuela de Verano del Poder Judicial*, realizada no Pazo de Mariñán (Bergondo, A Coruña) o 7 de xullo de 2016.

- *Desayuno informativo del Fórum Europa Tribunal Galicia*, organizado por Economía Fórum o 20 de setembro de 2016 no Parador dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.
- Entrega do primeiro certificado de sustentabilidade que o Instituto para a Produción Sustentable outorgou á firma galega Mares de Galicia, que tivo lugar o 30 de setembro de 2016 na sede da Autoridade Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra.
- Á entrega de *Premios Gallegos del Año*, outorgados polo Correo Gallego o 3 de novembro de 2016 no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela.
- Toma de posesión de Alberto Núñez Feijóo, como presidente da Xunta de Galicia, o 12 de novembro de 2016 no Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela.
- Solemne sesión de apertura da X lexislatura o 21 de outubro de 2016 no Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela.
- Celebración do XXV aniversario de creación da escala de letrados da Xunta de Galicia, que tivo lugar o 25 de novembro de 2016 na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela.
- Comparecencia sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 o 19 de decembro de 2016 no Parlamento de Galicia.

Finalmente cómpre mencionar tamén a visita institucional que o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes, realizou ao Consello Consultivo de Galicia o 19 de outubro de 2016.

4. CONVENIOS

4.1. Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública

O Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través dun convenio de colaboración en materia da competencias de ambas as institucións.

O convenio vixente para o ano 2016 persegue a eficacia e eficiencia na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha das institucións, cara a conseguir un mellor cumprimento dos seus fins, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, o cal permite unha mellor conciliación da vida laboral e familiar ao tempo que favorece a formación continua do persoal ao servizo da Administración pública en xeral e ao destinado no Consello Consultivo de Galicia en particular.

En concreto, e ademais de facilitar a participación do persoal dependente do CCG nas actividades da EGAP, prevé a realización de cursos, xornadas e seminarios, a edición de publicacións e documentos de traballo, e a realización de proxectos de investigación conxuntos.

5. PRACTICUM DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como todos os anos, e como resultado do convenio asinado coa Universidade de Santiago, distintos alumnos e alumnas da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela elixiron realizar o *practicum* correspondente aos estudos de Dereito no Consello Consultivo de Galicia.

Durante o mes en que o alumnado estivo traballando neste órgano, instruíuselles sobre o seu funcionamento e sobre a doutrina e o modo de elaboración dos ditames, aos cales tiveron acceso directo, tratando de primar así o carácter eminentemente práctico da súa estadía. Ao rematar o período, o alumnado realizou un exercicio práctico que, xunto co aproveitamento acadado durante o dito período, conformou a cualificación final, en todos os casos satisfactoria.

Todos eles estiveron tutelados pola letrada do Consello Consultivo de Galicia M.^a José Quintana Acebo.

6. MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Como todos os anos, editouse a memoria de actividades do Consello Consultivo de Galicia correspondente ao ano 2015, en cumprimento do previsto no artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril.

A Memoria de actividades do 2015 foi presentada polo presidente do Consello Consultivo de Galicia ao presidente da Xunta de Galicia para a súa posterior toma en consideración por parte do Consello da Xunta.

A memoria recolle a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo de Galicia durante o ano 2015, en que se cumpren dezanove anos desde a súa creación, polo que comprende tamén un resumo deste período. Así mesmo, recolle as observacións e suxestións que se considerou oportuno en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

Tal e como recolle a memoria, a maioría dos ditames corresponderon a reclamacións de responsabilidade patrimonial, sendo as consellerías de Sanidade e a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas as que maior número de ditames solicitaron. Finalmente, o presidente salientou que ao longo destes dezanove anos de existencia, o Consello Consultivo de Galicia emitiu informe sobre máis de 14.000 expedientes, destacando a Administración autonómica cun 81% dos expedientes examinados.

A memoria fai referencia tamén á actividade do Consello Consultivo en diversas accións formativas realizadas en colaboración con outras institucións como a Escola Galega de Administración Pública ou as universidades galegas, ademais de participar noutros encontros e xornadas sobre a función consultiva organizadas noutras comunidades autónomas.

Da devandita edición fíxose unha ampla distribución na Administración autonómica.


V VINTE ANOS DA FUNCIÓN CONSULTIVA

1. DATOS ESTADÍSTICOS RELATIVOS AOS EXPEDIENTES DITAMINADOS DURANTE O PERÍODO 1996 – 2016


HISTÓRICO POR NÚMERO DE EXPEDIENTES E ADMINISTRACIÓN DE PROCEDENCIA

ANOS	AD. AUTONÓMICA	% S/Total A	AD. LOCAL	% S/Total	AD. UNIVERS	% S/Total AU	AD. CORP	TOTAIS	% S/ TOTAL
1996	93	0,77%	17	0,63%	1	1,04%	0	111	0,75%
1997	146	1,22%	18	0,67%	4	4,17%	0	168	1,13%
1998	239	1,99%	22	0,82%	5	5,21%	0	266	1,80%
1999	306	2,55%	23	0,85%	3	3,13%	0	332	2,24%
2000	465	3,87%	99	3,68%	2	2,08%	0	566	3,82%
2001	719	5,99%	93	3,46%	2	2,08%	0	814	5,50%
2002	650	5,41%	169	6,28%	0	0,00%	0	819	5,53%
2003	703	5,85%	222	8,25%	4	4,17%	0	929	6,28%
2004	583	4,85%	181	6,73%	4	4,17%	0	768	5,19%
2005	690	5,75%	229	8,51%	1	1,04%	1	921	6,22%
2006	833	6,94%	163	6,06%	5	5,21%	0	1001	6,76%
2007	902	7,51%	233	8,66%	1	1,04%	1	1137	7,68%
2008	1437	11,97%	252	9,36%	13	13,54%	0	1702	11,50%
2009	506	4,21%	83	3,08%	7	7,29%	0	596	4,03%
2010	459	3,82%	109	4,05%	5	5,21%	0	573	3,87%
2011	508	4,23%	133	4,94%	4	4,17%	1	646	4,36%
2012	566	4,71%	162	6,02%	3	3,13%	1	732	4,94%
2013	817	6,80%	171	6,35%	8	8,33%	2	998	6,74%
2014	639	5,32%	105	3,90%	4	4,17%	0	748	5,05%
2015	434	3,61%	103	3,83%	17	17,71%	1	555	3,75%
2016	314	2,61%	104	3,86%	3	3,13%	0	421	2,84%
TOTAIS	12009	100,00%	2691	100,00%	96	100,00%	7	14803	100,00%


Evolución expedientes 1996-2016



Evolución expedientes Admón. autonómica



Evolución expedientes Admón. local



HISTÓRICO POR MATERIAS

ANOS	TOTAIS	INF ⁵	REC. INC.	D.L.	APL	CA	PR	PO	RAR	RO	CONT. AD	CsAD	RRP	DTM	CF
1996	111	0	0	0	0	0	21	0	19	14	5	0	37	2	6
1997	168	0	0	0	0	0	22	0	42	30	13	0	56	1	1
1998	266	0	0	0	0	0	35	0	75	26	8	9	104	1	1
1999	332	0	0	0	0	0	27	0	44	33	3	2	221	0	1
2000	566	0	0	0	0	0	19	0	13	14	9	5	495	8	1
2001	814	0	0	0	0	2	25	0	8	17	12	3	738	2	2
2002	819	0	0	0	0	1	20	0	8	24	18	7	737	2	1
2003	929	0	0	0	0	0	28	0	14	24	8	0	848	4	0
2004	768	0	0	0	0	0	25	1	11	20	16	3	684	4	0
2005	921	0	0	0	0	0	29	0	7	53	12	5	808	3	1
2006	1001	0	0	0	0	1	36	1	8	21	10	3	915	0	0
2007	1137	0	0	0	0	1	52	0	4	18	9	6	1044	0	0
2008	1702	0	0	0	0	4	64	0	8	45	12	1	1564	1	1
2009	596	0	0	0	0	1	24	0	8	93	12	2	455	1	0
2010	573	0	0	0	0	4	54	0	8	31	19	2	452	2	1
2011	646	0	0	0	0	7	52	2	6	28	23	3	526	1	0
2012	732	0	0	0	0	0	34	4	7	41	27	4	618	1	0
2013	998	0	0	0	0	1	27	1	5	271	25	1	665	1	2
2014	748	0	0	0	1	0	34	5	9	309	17	0	372	0	1
2015	555	1	2	2	0	1	39	1	8	246	23	0	232	0	0
2016	421	15	1	0	2	1	48	1	8	42	28	2	273	0	0
TOTAIS	14803	16	3	2	3	24	715	16	320	1400	309	58	11844	34	19

⁵ INF: informe; REC INC.: recurso inconstit.; D.L.: decreto legislativo; APL: anteprox. lexisl.; CA: convenio CCAA; PR: proxecto regulamento; PO: proxecto orde; RAR: rec.advo. revisión; RO: rev oficio; CONTAD: contratos advos; CsAD: concesións advas; RRP: reclam. respons. patrim.; DTM: deslindamento termos municipais; CF: consulta facultativa

VI OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS

O artigo 15 da Lei 3/2014, do 3 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e o artigo 2 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, faculta este para expoñer nas súas memorias as suxestións que considere oportunas para a mellora das actuacións administrativas.

Trátase dunha facultade tradicional no funcionamento dos altos órganos consultivos que ten por obxecto instrumentar na práctica o diálogo entre os entes consultantes e os organismos consultivos para unha mellor administración dos asuntos públicos que lles competen.

Ao amparo dos preceptos citados realízanse as seguintes recomendacións e suxestións, ademais de recoller os ditames máis salientables do ano 2016.

1. PROXECTOS NORMATIVOS

1.1. Regulamento xeral de estradas de Galicia

O ditame CCG 13/16 fai unha análise da distribución competencial na materia, para establecer o encaixe constitucional do proxecto.

Así, parte de que a Constitución española no seu artigo 148.1.5ª permite a todas as comunidades autónomas asumir competencias en materia de estradas cuxo itinerario se desenvolva integramente no seu territorio.

Sobre esta base, destaca que ao abeiro desta habilitación, o artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma.

Así mesmo apunta que, malia os termos do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que alude á exclusividade desta competencia, esta debe entenderse modulada polos “*criterios interpretativos ordinarios*” establecidos polo Tribunal Constitucional.

Así entendida a competencia exclusiva da nosa Comunidade Autónoma en materia de estradas, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que derogou a vella Lei 4/1994, do 14 de setembro, que ten

como obxecto, como sinala o artigo 1, “*regular o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección daquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das súas distintas administracións titulares*”.

E, ao abeiro da disposición derradeira segunda da Lei 8/2013, do 28 de xuño, que habilita a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario da lei, o proxecto de decreto sometido a ditame tiña por obxecto aprobar o Regulamento xeral de estradas de Galicia, acometendo así o desenvolvemento integral da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

Continuando co complexo entramado da distribución competencial, que tamén ten lugar no que se refire ao dereito dos operadores á ocupación do dominio público xa que, cando se pretenda ocupar o dominio público viario da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais galegas, debe considerarse, ademais da sinalada, a normativa de telecomunicacións, e tamén a normativa reguladora daquel demanio viario en canto espazo físico sobre o cal se pretende despregar as redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas.

Así, tratouse de determinar se a regulación contida nos artigos 43.1 e) e 43.2 c) da Lei 8/2013, do 28 de xullo, que transcribe o artigo 105 do proxecto de regulamento, se acomoda ás previsións contidas na Lei 9/2014, do 9 de maio, pois, se como semella desprenderse das alegacións formuladas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, as previsións da lei galega, en concreto a expresión “*excepcionalmente*”, enténdese contraria á regulación contida na Lei 9/2014, do 9 de maio (que, en canto lei posterior á Lei 8/2013, do 28 de xuño, desprazaría a eventual regulación contraria autonómica), o proxecto de regulamento debería axustarse ao marco normativo resultante dos artigos antes transcritos da Lei 9/2014, do 9 de maio.

Pois ben, neste punto, a xuízo deste Consello Consultivo, non se pode entender que exista contradición entre a regulación contida na Lei 8/2013, do 28 de xuño, e a recollida na Lei 9/2014, do 9 de maio, e isto porque a regulación contida nos artigos 43.1 e) e 43.2 c) da lei galega establecen, ao abeiro das competencias da Comunidade Autónoma, previsións específicas para o uso e protección do demanio viario que en ningún caso implican unha restrición absoluta nin desproporcionada ao dereito de ocupación dos operadores para o despregamento de redes.

En efecto, o adverbio “*excepcionalmente*” contido nos artigos da Lei 8/2013, do 28 de xuño, que se reproducen no ditame, opera como un mecanismo proporcionado

de protección do dominio público viario, co fin de evitar o indesexable resultado da instalación indiscriminada no demanio de múltiples apoios de redes e infraestruturas aéreas de comunicacións electrónicas, ou de conducións subterráneas lonxitudinais para redes e infraestruturas daquelas comunicacións.

Por outra banda, tal restrición non é absoluta xa que os propios artigos 43.1 e) e 43.2 c) admiten en certas circunstancias, vinculadas á inexistencia doutra solución tecnicamente viable, os referidos usos; en concreto, para as conducións subterráneas lonxitudinais na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais, *“excepcionalmente, (...) cando se xustifique debidamente que, polas condicións extremadamente dificultosas da orografía do terreo, ou pola súa condición urbana, non existe outra solución tecnicamente viable, ou se trate da reposición de conducións afectadas polas obras de estradas, e se sitúen, preferentemente, fóra da calzada e, cando sexa posible, tamén fóra das súas beiravías”* e, para os apoios de redes e infraestruturas aéreas na zona de dominio público adxacente, *“excepcionalmente, (...), cando polas condicións orográficas do terreo resulte tecnicamente inviable retiralos a maior distancia, en estradas convencionais e elementos funcionais, fóra dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión”*.

Así as cousas, o ditame advirte que cómpre que o artigo 105.1, letra e) e o artigo 105.2, letra c) recollan a expresión *“excepcionalmente”* contida nos artigos 43.1 e) e 43.2 c) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, ao resultar estar acorde, na súa literalidade, coa regulación contida na Lei 9/2014, do 9 de maio.

1.2. Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

O proxecto de decreto sometido a ditame constitúe un desenvolvemento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en cumprimento do mandato recollido na disposición derradeira quinta do dito texto legal. A autorización xenérica contida na dita disposición canalízase a través dun proxecto de regulamento xeral, con vocación unitaria, que pretende desenvolver na súa integridade a lei, tal e como se indica na súa exposición de motivos, constituíndo o primeiro regulamento de desenvolvemento integral dunha lei do solo da nosa comunidade.

A materia obxecto de regulación corresponde así ao ámbito da ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, no que a Comunidade Autónoma de Galicia posúe competencia exclusiva, a teor do disposto no artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, conforme o indicado na STC 61/1997, do 20 de marzo .

Precisamente, en relación coa distribución competencial que realiza a CE, o ditame prescribe a supresión da disposición derogatoria que no proxecto do decreto afectaba a normativa estatal preconstitucional, declarada expresamente en vigor pero como normativa supletoria (é dicir, en defecto de normativa autonómica) pola devandita STC 61/1997, do 20 de marzo .

Esta disposición derogatoria afectaba a operatividade da cláusula de supletoriedade do artigo 149.3 da CE, xa que a utilización da expresión “*desprazamento da aplicación da normativa de rango regulamentario*” refire unha acepción contraditoria coa operatividade da dita cláusula.

En efecto, a disposición transitoria oitava da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, dispón que, ata que entren en vigor as disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta lei, se aplicarán as que se conteñen nos regulamentos urbanísticos estatais de planeamento e xestión e no de disciplina urbanística de Galicia.

Porén, as determinacións desta disposición transitoria non implican *per se* a ineficacia da operatividade da supletoriedade dos citados regulamentos.

Por isto, este Consello Consultivo considera que pode falarse de “*desprazar*”, no sentido de que se aplicará sempre en primeiro lugar o ordenamento autonómico en materia de urbanismo, sen que ao anterior obste que a supletoriedade se predique de normas preconstitucionais, ditadas polo Estado en exercicio dunha competencia da cal, tras a Constitución, non dispón, seguindo neste punto a doutrina establecida polo ditame do Consejo de Estado 2603/2003, sobre o Proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento de urbanismo de Castilla-León.

1.3. Proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento único para a regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos

A Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), ditouse co obxecto de eliminar as barreiras que obstaculizan o desenvolvemento das actividades de servizos nos Estados membros da Unión Europea.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 30.1.1 que lle corresponde á Comunidade Autónoma o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia, e no seu artigo 30.1.7.b) que lle corresponde igualmente o desenvolvemento e a execución en Galicia de programas xenéricos estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas.

A competencia en materia de regulación de actividades e obras de edificación contense no parágrafo 3 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía e as actividades recreativas e os espectáculos públicos no artigo 2.b) da Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias a Galicia.

O proceso completouse a través da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, cuxa disposición derradeira sexta autoriza o Consello da Xunta de Galicia a ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario da presente lei. O proxecto respondeu a este mandato legal.

O regulamento admitiu, por primeira vez no noso ordenamento xurídico, as entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom no sucesivo), e pretendía atribuír facultades en relación coa certificación da conformidade coa normativa aplicable no ámbito municipal das instalacións, establecementos, actividades ou obras que vaian ser obxecto de comunicación previa ou de solicitude de licenza ante a Administración municipal.

Este Consello Consultivo notou un exceso neste punto, xa que o artigo 47 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, define as Eccom como entidades que se constitúen coa *“finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa de aplicación no ámbito municipal”*. No proxecto, ao estender as funcións da Eccom a calquera obra, edificación ou construción, con independencia do seu destino a unha *“actividade económica”*, non se axusta á literalidade, nin ao obxecto que para elas prevé o artigo 49.1, e en xeral a Lei 9/2013, do 19 de decembro, sen que tampouco na recente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, exista ningunha previsión neste sentido.

En definitiva, este Consello Consultivo considerou que por vía regulamentaria se lles estaban a outorgar ás Eccom unhas funcións que non teñen fundamentación legal, e advertiu da ilegalidade do regulamento neste punto.

1.4. Proxecto de decreto de cooperación para o desenvolvemento

O decreto pretendía actualizar a normativa de desenvolvemento da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

O ditame analiza de modo específico as novidades en materia de Administración electrónica, ao abeiro das novas leis do procedemento administrativo e organización

do sector público (Leis 39 e 40/2015) e realiza un estudo específico sobre o réxime de presentación de documentación por vía telemática.

Considerando que o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) establece a obriga das persoas xurídicas e das entidades sen personalidade xurídica, de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite do procedemento administrativo, este Consello Consultivo exixiu que o proxecto, na mesma liña do número 1 do artigo, establecese tamén a obriga de achegar por vía electrónica a documentación complementaria.

Noutra orde de consideracións, o proxecto refire a documentación que debe achegarse xunto coa solicitude de inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento de Galicia. Entre esta documentación figuraba *“o acordo de creación da entidade se é a primeira inscrición en calquera rexistro de Administración da Comunidade Autónoma (...)”*. Ao respecto este Consello Consultivo advirte que a dicción deste precepto tampouco se acomoda á legalidade vixente pois a LPAC é clara ao establecer o dereito dos interesados a non presentar documentos que xa estean en poder de calquera Administración pública, non só da Administración actuante, como establecía o derogado artigo 35.1, letra f), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste sentido o artigo 53.1, letra d), da LPAC establece o dereito dos interesados *“a no presentar datos y documentos no exigidos por las normas aplicables al procedimiento de que se trate, que ya se encuentren en poder de las Administraciones Públicas o que hayan sido elaboradas por éstas”*; e, paralelamente, o artigo 28.3 da mesma lei establece que *“Asimismo, las Administraciones Públicas no requerirán a los interesados datos o documentos no exigidos por la normativa reguladora aplicable o que hayan sido aportados anteriormente por el interesado a cualquier Administración. A estos efectos, el interesado deberá indicar en qué momento y ante qué órgano administrativo presentó los citados documentos, debiendo las Administraciones Públicas recabarlos electrónicamente a través de sus redes corporativas o de una consulta en las plataformas de intermediación de datos u otros sistemas electrónicos habilitados al efecto”*.

Así as cousas, o proxecto unicamente pode exixir a achega do acordo de creación da entidade, para o caso de que o axente de cooperación non declare que tal acordo xa está en poder dalgunha Administración pública, e neste caso debe indicar

o momento e o órgano administrativo ante o cal presentou tal acordo. E, consonte co previsto no artigo 28.3 da LPAC, só excepcionalmente se a Administración actuante non puidera recadar tal documentación, poderá solicitar novamente a súa achega á entidade interesada, observación de legalidade que se reiterou en relación con varias exixencias do proxecto de decreto.

1.5. Garantía da unidade de mercado

Este Consello Consultivo analizou a afectación nos proxectos legislativos autonómicos da máis recente transposición legal da Directiva 2006/123/CE -comunmente denominada Directiva de servizos- a través da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado. En concreto, esta cuestión suscitou unha análise específica, entre outros, nos ditames CCG 7/17, 59/17, 253/17, 277/17 e 282/17.

Así, foi preciso tamén analizar se para determinadas actividades (ex. prestación de servizos sociais, CCG 7/16 e 277/16) resulta ou non exixible o sometemento do proxecto ao sistema de intercambio electrónico de información previsto no artigo 14 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado (*“En los procedimientos de elaboración de normas que afecten de manera relevante a la unidad de mercado, la autoridad competente proponente de la norma pondrá a disposición del resto de autoridades a través del sistema de intercambio electrónico de información previsto en el artículo 23 de esta ley, con la antelación suficiente, el texto del proyecto de norma, acompañado de los informes o documentos que permitan su adecuada valoración, incluyendo en su caso la memoria del análisis de impacto normativo (...). Asimismo, se asegurará que los medios de intervención no recaen sobre los mismos aspectos en caso de concurrencia de varias administraciones y preverá un sistema por el cual el procedimiento no genere costes adicionales para el operador en comparación con la intervención de una única administración”*).

Pois ben, este Consello Consultivo considerou que a exixencia deste trámite de intercambio electrónico de información no ámbito da prestación dos servizos de inclusión social e loita contra a pobreza é moi cuestionable, atendendo á difícil configuración destes servizos como “actividade económica” e das entidades que actúan neste ámbito como “operadores económicos”, na mesma liña que o Consejo de Estado, no seu ditame 1093/2014, do 27 de novembro, fixo verbo da aplicación da Lei 20/2013, do 9 de decembro, ao réxime dos centros de acollemento residencial de menores.

Idéntica exigencia se manifestou no CCG 282/2016, e en relación coas entidades de certificación de conformidade municipal, xa que os requisitos establecidos no proxecto de decreto son de aplicación a todas as entidades que operen no territorio da Comunidade Autónoma, con independencia de onde estean constituídas formalmente.

1.6. Proxecto de decreto polo que se regula a ordenación dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico

Neste proxecto, este Consello Consultivo incidiu na diferenza entre declaración responsable e solicitude, ao abeiro da Directiva de servizos e dos principios básicos do procedemento administrativo común.

En concreto, o proxecto establecía que se a persoa interesada non emenda as deficiencias ou omisións detectadas na declaración responsable, logo de ser requirida para o efecto, *“teráselle por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro”*.

Dunha parte, este Consello Consultivo advertiu que as previsións contidas nos preceptos comentados deberán cingirse ás deficiencias ou omisións de carácter esencial nos datos ou manifestacións contidas na declaración responsable pois, noutro caso, e en virtude do principio *pro actione*, procederá continuar o procedemento.

Por outra banda, tamén advertiu este Consello Consultivo que a consecuencia legalmente prevista para o suposto de que non se corrixan as deficiencias ten que ser a imposibilidade de continuar no exercicio da actividade dende o momento en que se teña constancia de tales feitos. Xa que logo, ditaminase a supresión das consecuencias da non corrección das deficiencias ou omisións, de carácter esencial, nos datos ou manifestacións contidos nas declaracións responsables, que non poden ter a persoa interesada por desistida da súa petición, ao non ser de aplicación o artigo 71 da Lei 30/1992 (actualmente, artigo 68 da LPAC), e xa vez que a natureza da declaración responsable é a dun título que habilita para o exercicio da actividade e non unha petición.

1.7. Proxecto de decreto polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia

No presente proxecto este Consello Consultivo apuntou á discordancia entre a normativa estatal básica e autonómica de desenvolvemento, mentres que o Real decreto 235/2013, do 5 de abril, sinala como *“La ejecución del control se realizará por el órgano competente de la Comunidad Autónoma que podrá delegar esta*

responsabilidad en agentes independientes autorizados para este fin”, tratándose por tanto dunha competencia do órgano competente da Comunidade Autónoma, cuxa execución pode levar a cabo por si mesmo sen prexuízo da posibilidade de delegación, pero o que non cabe é que por vía regulamentaria se pretenda trasladar a carga de efectuar este control técnico ás persoas promotoras ou propietarias dos edificios, establecendo a obriga daquelas de contratar tal control, pois, ademais de estar vedado ás normas regulamentarias a imposición de obrigas *ex novo* aos particulares, a literalidade da normativa básica exige descartar tal posibilidade.

Advírtese que o teor literal do artigo 9.2 do Real decreto 235/2013, do 5 de abril, é máis contundente que o do artigo 8.1 do Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, que prevía que *“El órgano competente de la Comunidad Autónoma establecerá, en su caso, el alcance del control externo y el procedimiento a seguir para realizarlo. Este control podrá realizarse por la propia Administración o mediante la colaboración de agentes autorizados para este fin”*. Así as cousas, a obriga establecida para as persoas promotoras ou propietarias debe entenderse contraria a dereito.

2. RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE

2.1. Alcance das competencias estatais en materia de estradas

A inclusión no Catálogo da Rede de Estradas do Estado da “AP - 53, Autopista Central de Galicia, Itinerario de referencia O/D: Santiago de Compostela/Alto de Santo Domingo” e a “AP - 9, Autopista del Atlántico, Itinerario de referencia O/D: A Coruña y Ferrol/Frontera con Portugal (Tui)”

Este Consello Consultivo ditaminou sobre o modelo de distribución competencial en materia de estradas, verbo dun expediente referente ao proxecto de acordo para a interposición dun recurso de inconstitucionalidade en relación co artigo 18, disposición adicional primeira en relación co anexo II e disposición derradeira quinta da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.

No suposto analizado no ditame invocábase a conculcación das competencias asumidas estatutariamente pola Comunidade Autónoma de Galicia, sinaladamente en materia de estradas, ordenación do territorio e do litoral, montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias, augas minerais, termais e subterráneas, e patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico de interese galego (artigo 27. 3, 8, 10, 14 e 18 do Estatuto de Autonomía).

No ámbito autonómico, están lexitimados para interpoñer recurso de inconstitucionalidade os seus órganos colexiados executivos e as súas asembleas lexislativas, logo de acordo adoptado para o efecto (artigo 32.2 da LOTC), cando as leis, disposicións ou actos con forza de lei do Estado poidan afectar o seu propio ámbito de autonomía.

No caso sometido a ditame, a lexitimación da Comunidade Autónoma de Galicia era clara ao invocar esta unha conculcación pola lei estatal das súas competencias estatutariamente asumidas, sinaladamente as relativas á materia de estradas, ordenación do territorio e do litoral, montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias, augas minerais, termais e subterráneas, e patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico de interese galego (artigos 27. 3, 8, 10, 14 e 18 do Estatuto de Autonomía).

E, desde unha perspectiva formal, a lexitimación do Consello da Xunta de Galicia derivaba do artigo 19 do Estatuto de Autonomía de Galicia e do artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, cuxo punto 9 lle atribúe á Xunta de Galicia a competencia para acordar a interposición de recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional.

A continuación, no ditame analizábase con profundidade o modelo de distribución competencial en materia de estradas e o seu entrecruzamento con títulos competencias autonómicos.

No que respecta á competencia do Estado para a aprobación da Lei 37/2015, do 27 de setembro, de estradas, e, en concreto, dos preceptos que a Comunidade Autónoma de Galicia pretendía impugnar, sinalaba o ditame, debía notarse que, de acordo coa disposición derradeira quinta da lei, aquela se ditou ao abeiro dos artigos 149.1.21ª e 149.1.24ª da Constitución española, títulos competenciais estes que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva sobre o réxime xeral das comunicacións e sobre as obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte máis dunha comunidade autónoma.

Neste punto engadía o ditame que, como referiu a Sentenza do Tribunal Constitucional 132/1998, do 18 de xuño, no seu fundamento xurídico 3º, *“las carreteras son aprehensibles desde distintas perspectivas jurídicas sobre las que también concurren distintos títulos de intervención de los poderes públicos. En efecto, las carreteras son bienes de dominio público y, en cuanto tales, resultan de aplicación a los mismos el conjunto de técnicas de protección que son propias de esta categoría de bienes, surgiendo así para los poderes públicos las correspondientes potestades administrativas para su conservación y vigilancia. Son, también, obras públicas para*

cuyo acometimiento es necesaria una planificación previa, la determinación de su financiación e incluso la de su explotación. Son, en fin y sin agotar el variado elenco de perspectivas, el soporte material necesario para la comunicación terrestre y es entonces cuando se hace necesario fijar las condiciones de uso, especialmente, las del tráfico y las de la circulación”.

Esta visión poliédrica da materia e dos títulos de intervención sobre aquela, segundo se trate dun ou doutro aspecto, foi tamén asumida pola Constitución, que incluíu as estradas en distintos títulos competenciais.

Neste sentido, o ditame CCG 202/16 destacaba que xa a Sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo, sinalou como, malia que o artigo 149.1 da Constitución española non menciona expresamente as estradas, son varios os títulos competenciais que inciden nelas; en concreto, o relativo ás *“bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica”* do artigo 149.1.13ª, *aquel referido aos “transportes terrestres que transcurran por más de una Comunidad Autónoma; régimen general de comunicaciones; tráfico y circulación de vehículos a motor”* do artigo 149.1.21ª, e o relativo ás *“obras públicas de interés general o cuya realización afecte a más de una Comunidad Autónoma”* do artigo 149.1.24ª.

Tal e como recolleu o ditame CCG 202/16, a Sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo, aclara que o título competencial que ampara especificamente a competencia estatal para ter unha rede propia de estradas é o previsto no artigo 149.1.24ª da Constitución española, relativo ás obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte máis dunha comunidade autónoma.

Ao respecto notaba o ditame de razón que precisamente este alicerce constitucional da competencia estatal en materia de estradas determina que a distribución de competencias na materia non veña presidida única e exclusivamente polo criterio territorial, senón tamén pola determinación das estradas que teñan a cualificación de obras de interese xeral. Neste punto referiu a Sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo, seguindo a liña xa marcada pola Sentenza do Tribunal Constitucional 40/1998, do 19 de febreiro, que *“la concreción de cuáles sean las carreteras de “interés general” corresponde, en principio, al Estado, sin perjuicio del ulterior control de este Tribunal (...)*

Así pues, dado que el art. 148.1.5 C.E. permite a las Comunidades Autónomas asumir competencia exclusiva sobre las carreteras “cuyo itinerario se desarrolle íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma”, Si bien no cabe descartar que, por excepción, carreteras de itinerario íntegramente autonómico

puedan obtener esta calificación, dado que el criterio del “interés general” es de distinta naturaleza al puramente territorial que consagra el art. 148.1.5 C.E. (en análogo sentido, STC 40/1998, fundamentos jurídicos 17 y 18). Y, por la misma razón, la simple circunstancia de que el itinerario de una carretera atravesase más de una Comunidad Autónoma no determina por sí sola la incorporación de dicha carretera a la Red de Carreteras del Estado.

De esta manera, el criterio del “interés general” viene a complementar al puramente territorial, sin excluirlo esencialmente, pero añadiendo al mismo una dimensión cualitativa que permite atender a la relevancia de las carreteras en su función de infraestructuras del transporte y las comunicaciones terrestres (esto es, a la trascendencia de los itinerarios del tráfico o transporte que se efectúa sobre las mismas), introduciendo, así, una mayor racionalidad en el reparto de competencias en esta materia”.

Atendendo ao que vén de referirse, a cerna da cuestión radicaba en determinar a posible creba de constitucionalidade da Lei 37/2015, do 27 de setembro, de estradas, en relación coas competencias asumidas estatutariamente pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Tras o exame pormenorizado dos preceptos da Lei 37/2015, do 27 de setembro, de estradas, dos que se suscitaban as dúbidas de constitucionalidade, este Consello Consultivo finalmente considerou que non existían fundamentos xurídicos suficientes para a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra o artigo 18, a disposición adicional primeira, en relación co anexo II, e a disposición derradeira quinta da citada lei.

Pois ben, sentado o anterior, cómpre notar que o Real decreto 1421/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o inventario de autoestradas de peaxe na rede de estradas do Estado, incluíu xa expresamente naquela rede a aquel momento denominada “Ferrol - L.P. Pontevedra” como no tramo “L.P. Pontevedra - Vigo (Rebullón)” (a autoestrada A-9 non fora incluída nos reais decretos de trasposos á Comunidade Autónoma de Galicia). Pola súa banda, o Real decreto 1231/2003, do 26 de setembro, polo que se modifica a nomenclatura e o catálogo das autoestradas e autovías da rede de estradas do Estado, incluíu naquela rede a “AP-53, Itinerario de referencia O/D: Santiago - Alto de Santo Domingo” e de novo, mudando xa a súa denominación, tamén a “AP-9, Autopista del Atlántico, Itinerario de referencia O/D: A Coruña y Ferrol - Frontera portuguesa (Tui)”.

Neste estado de cousas o Estado español aprobou a Lei 37/2015, do 27 de setembro, de estradas, invocando esta norma, tanto no seu preámbulo como na súa disposición derradeira quinta, os títulos competenciais ao abeiro dos cales foi ditada, sinaladamente e polo que aquí nos interesa, os previstos nos artigos 149.1.21ª e 24 da Constitución española: “*régimen general de comunicaciones*” e “*obras de interés general o cuya realización afecte a más de una Comunidad Autónoma*”.

Os criterios para cualificar un itinerario de interese xeral recóllense no artigo 4.5 da Lei 37/2015, do 27 de setembro, seguindo a estrutura e sistemática dos xa recollidos no seu día, e avalados plenamente polo Tribunal Constitucional como xa se dixo, no artigo 4.3 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, ata o punto, como pode advertirse, de reproducilos con mínimas variacións:

“5. Se consideran itinerarios de interés general aquellos en los que concurra alguna de las siguientes circunstancias:

- a) Formar parte de los principales itinerarios de tráfico internacional, incluidos en los correspondientes convenios.*
- b) Constituir acceso principal a un puerto o aeropuerto de interés general, a los centros logísticos de la defensa, o a los del transporte y logística que sean declarados de interés general por el Ministerio de Fomento.*
- c) Servir de acceso a los principales pasos transfronterizos.*
- d) Enlazar las Comunidades Autónomas, conectando los principales núcleos de población del territorio del Estado de manera que formen una red continua que soporte regularmente un tráfico de largo recorrido”.*

Paralelamente, a disposición adicional primeira da Lei 37/2015, do 27 de setembro, refire que como anexo II da lei figura o catálogo coa relación e denominación das estradas estatais, debendo destacarse que aquel anexo, no que figuran relacionadas tanto a AP - 9, co itinerario de referencia “*A Coruña y Ferrol - Frontera con Portugal (Tui)*”, como a AP - 53, co itinerario de referencia “*Santiago/Alto de Santo Domingo*”, recolle expresamente que “*El presente Catálogo recoge la relación de carreteras que forman la Red de Carreteras del Estado, a fecha 31/12/2014 (momento de la actualización anual)*”. Así as cousas, a Lei 37/2015, do 27 de setembro, non integra *ex novo* as anteditas autoestradas na *Red de Carreteras del Estado*, xa que como vimos, esta inclusión tivo lugar previamente moito antes, sendo realmente discutible ata que punto a presenza de ambas as estradas no anexo II, consideradas e aceptadas

como de titularidade estatal dende hai varias décadas, pode ser agora discutida e ver modificada a súa titularidade por razón da súa presenza nel.

Dito isto, nunha interpretación extensiva do noso labor analizouse no ditame de referencia a inclusión nel das referidas autoestradas á vista dos criterios constitucionais e estatutarios de repartición de competencias na materia, e tamén dos criterios legais establecidos no artigo 4.4 e 5 da lei.

Respecto a AP-9, a xuízo deste Consello Consultivo, non se pode afirmar a ausencia da concorrencia na AP-9 das circunstancias previstas no artigo 4.5 da Lei 37/2015, do 27 de setembro, para cualificar un itinerario de interese xeral. Abonde considerar que a AP - 9 aparece incluída no Regulamento (UE) núm. 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede transeuropea de transporte, e polo que se deroga a Decisión núm. 661/2010/UE, o que a configura como unha estrada integrada nun itinerario supracomunitario cualificado por unha singular circunstancia e, polo tanto, de interese xeral (neste sentido, o fundamento xurídico 12º da Sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo).

Por outra banda, non se pode considerar que a AP-9 non sirva de acceso a un paso transfronteirizo principal pois, aínda que a conexión co paso transfronteirizo de Tui se verifique a través da A -55 (tamén de titularidade estatal), non se debe esquecer que o interese xeral vén referido aos itinerarios en que se integran as estradas, e non ás estradas mesmas (artigo 4.5 da lei), aspecto este último, como xa se sinalou neste ditame, admitido pola xurisprudencia constitucional (fundamento xurídico 12º da Sentenza 65/1998, do 18 de marzo).

Nestas circunstancias, conclúese que na AP-9 concorren varias circunstancias, determinantes cada unha por si soa, da súa integración nun itinerario de interese xeral e, en consecuencia, da súa integración na *Red de Carreteras del Estado*, non existindo neste punto, polo tanto, unha extralimitación competencial da Lei 37/2015, do 27 de setembro.

Xa polo que se refire á AP-53, aínda que resulta obvio que a principal circunstancia que xustificaría a súa inclusión nun itinerario de interese xeral sería o previsto na letra d) do artigo 4.5 da lei, en canto se trata dunha estrada que permite enlazar Santiago con Ourense e dende a dita localidade a través da N-525 coa meseta, non cabe esquecer que o Estado ten en principio a potestade e, en definitiva, a iniciativa para establecer cando un itinerario pode ser considerado de interese xeral.

Así as cousas, a prosperabilidade dunha posible tacha de inconstitucionalidade verbo da disposición adicional segunda, en relación co anexo II, da Lei 37/2015, do 27 de setembro, é cuestionable, máis se se considera a “*limitación adicional*” da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas (fundamento xurídico 6º da Sentenza do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo), ao referirse o artigo 27.8 do seu Estatuto de Autonomía ás estradas “*non incorporadas á rede do Estado*”. Polo que, estando ambas as autoestradas, AP - 9 e AP - 53, incorporadas a aquela rede (con moita anterioridade á promulgación da Lei 37/2015, do 27 de setembro), a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia sobre aquelas chocaría con aquel precepto estatutario. Situación herdada que non só concorre no plano estatutario senón que tamén acontece no plano lexislativo, pois dende a entrada en vigor da anterior Lei 25/1988, do 29 de xullo, tal como antes expuxemos, fixéronse os criterios que permitirían incluír unha estrada na rede estatal por razón de interese xeral.

Sentado este aspecto, e dado que consonte co sinalado no corpo do ditame non se constatan excesos competenciais nos preceptos analizados da Lei 37/2015, do 27 de setembro, resulta complexa a impugnación ante o Tribunal Constitucional da disposición relativa aos títulos competenciais do Estado para o ditado da lei, máis cando o propio Tribunal Constitucional referendou aqueles títulos, sinaladamente o previsto no artigo 149.1.24ª da Constitución española (entre outras, nas sentenzas do Tribunal Constitucional 65/1998, do 18 de marzo, 132/1998, do 18 de xuño, ou 168/2009, do 9 de xullo), construíndo desde a súa literalidade a aplicación complementaria do interese xeral como criterio delimitador da titularidade estatal das estradas.

3. A REVISIÓN DE OFICIO

3.1. A revisión de oficio amparada no artigo 62.1.f) da LRXPAC: determinación do requisito “esencial”

Con ocasión do exame de tres expedientes de revisión de oficio para preceptivo ditame deste órgano, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse verbo da determinación do requisito “*esencial*” no caso de revisións de oficio amparadas no artigo 62.1.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

O ditame CCG 38/16 estimou que, como ten sinalado a doutrina administrativa, a causa de nulidade prevista no artigo 62.1, f) da LXPAC para os actos *“expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición”* constituíu unha novidade no noso dereito respecto dos supostos que recollía a derogada Lei de procedemento administrativo. O antedito precepto veu incorporar a doutrina xurisprudencial elaborada polo Tribunal Supremo en relación co alcance das facultades e dereitos derivados de autorizacións ou licenzas, especialmente en materia urbanística, concedidas por silencio positivo, expresando por iso a propia exposición de motivos da LXPAC, no seu apartado noveno, que a regulación do silencio *“se complementa con la inclusión posterior como supuesto de nulidad de pleno derecho de los actos presuntos o expresos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carece de los requisitos esenciales para su adquisición”*.

Pola súa banda o ditame CCG 276/15 fixo particular cita de que, en relación coa causa recollida na letra f) do artigo 62.1, o Consejo de Estado ten establecido, entre outros, no seu ditame 1381/2001, unha doutrina seguida por este Consello Consultivo en pronunciamentos como o ditame CCG 223/07, na que se defende que *“una interpretación amplia de los ‘requisitos esenciales’ para su adquisición comportaría fácilmente una desnaturalización de las causas legales de invalidez, por cuanto la carencia de uno de ellos determinaría de modo automático la nulidad de pleno derecho, vaciando de contenido no pocos supuestos de simple anulabilidad. Esto representaría un grave peligro para la seguridad jurídica, dada la falta de plazo para proceder a la revisión de los actos nulos. Además, haría quebrar uno de los principios básicos del Derecho administrativo español, que reserva las nulidades de pleno derecho para las violaciones más graves del ordenamiento jurídico, incluyendo las restantes en la anulabilidad”*. No propio ditame o Consejo de Estado lembra a distinción entre *“requisitos necesarios”* e *“requisitos esenciales”*, entendendo que *“no todos los requisitos necesarios para la adquisición de una facultad o derecho merecen el calificativo de esenciales”*.

Finalmente, o ditame CCG 67/16 notou que, en consonancia co criterio restritivo xa apuntado, é doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (por todos, o CCG 490/15) que os devanditos requisitos esenciais non poden ser todos aqueles que a lei exige, senón tan só os que definen a estrutura mesma do acto administrativo, sen vir inseridos noutro suposto de nulidade, como son a falta de capacidade do suxeito

ou a ausencia doutras calidades ou outras circunstancias que provoquen non só, como efecto xenérico, a vulneración da lei, senón máis precisamente, un vicio grave na estrutura do acto administrativo que aparentemente recoñeceu ou atribuíu a facultade ou o dereito, cunha creba dalgúns ou varios dos elementos esenciais e estruturais do acto administrativo en revisión; é dicir, consentimento, obxecto, causa ou fin.

Entrando a analizar os supostos concretos de cada ditame, no ditame CCG 38/16 tratábase de determinar a concorrencia ou non da citada causa de nulidade de pleno dereito nunha autorización autonómica en solo rústico outorgada pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a implantación dun cámping e unha actividade de ocio ao aire libre.

No caso examinado, ao estar a referida parcela atravesada pola Rolda Leste (A-52-A-76), tramo 1, segundo a documentación remitida xunto co expediente, verificase unha colisión cualitativa entre o contido da autorización e a ordenación urbanística xa que a autorización *per se* vulneraba as determinacións dun instrumento de ordenación do territorio que resultaba vinculante, polo que nos atopabamos ante un suposto de discrepancia substancial respecto da ordenación.

Por todo o anterior, concluía o ditame CCG 38/16 que nese caso se aprecia a existencia de vicio de nulidade de pleno dereito da autorización autonómica; sendo procedente, de acordo co sentido da proposta de resolución sometida a ditame, a revisión de oficio do acto de referencia.

Polo que respecta ao ditame CCG 67/16 tratábase de analizar se a licenza concedida polo Concello de Mondoñedo para a colocación dunha porta metálica á entrada dun predio, incorría ou non na causa de nulidade prevista na letra f) do artigo 62.1 da LRXPAC, ao non se ter obtido previamente a autorización do organismo de conca que fai referencia o artigo 78 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico.

O ditame, logo de analizada a normativa aplicable, composta polo artigo 78 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, posto en relación co artigo 9, números 1 e 4, e á vista da dicción literal do citado artigo 9.1 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, concluía que a instalación dunha porta metálica non pode entenderse incluída en ningunha das actividades e usos de solo suxeitos ao Regulamento do dominio público hidráulico, no que á zona de policía de canles se refire; tampouco, cómpre sinalar, na súa letra c), que alude ás “*construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional*”.

Advertiu o ditame CCG 67/16 que, segundo o Diccionario de la Real Academia de la Lengua Española, “*construcción*” é a “*acción y efecto de construir*” ou unha “*obra construída o edificada*”; e, pola súa banda, o verbo “*construir*” se define como “*hacer de nueva planta una obra de arquitectura o ingeniería, un monumento o en general cualquier obra pública*”. Na mesma liña o Diccionario da Real Academia Galega entende por “*construír*”, “*realizar unha obra de certa envergadura*”.

Á vista destas definicións, e considerando que as normas deben interpretarse segundo o sentido propio das súas palabras (artigo 3.1 do Código civil), o ditame de razón notou que non se pode entender incluída a simple instalación dunha porta metálica nas expresións “*construcións de todo tipo*” ou “*calquera tipo de construcións*” que emprega o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, para delimitar o ámbito das actividades e usos do solo suxeitos a este na zona de policía de canles (artigo 9.1), e para exixir a autorización previa do organismo de conca (artigo 78.1).

Esta conclusión, engadiu o referido ditame, refórzase se se considera a regra hermenéutica *odiosa sunt restringenda* e o principio *pro libertate*, xa que unha e outro proscriben una interpretación extensiva das normas restritivas da liberdade individual, como é o caso do artigo 78 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, no que o concello pretendía basear a nulidade de pleno dereito da licenza obxecto de revisión.

Para rematar, segundo o ditame CCG 67/16, non podía deixar de observarse que o artigo 9.4 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, exige autorización administrativa previa para a execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de canles, mais este mandato debe entenderse necesariamente circunscrito ao ámbito de aplicación do regulamento delimitado nas distintas letras do artigo 9.1. Polo tanto, tampouco este artigo 9.4 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, podía servir de alicerce para exixir a autorización previa do organismo de conca para a simple instalación dunha porta metálica na zona de policía de canles.

E polo que respecta ao ditame 276/15 analizábase a revisión de oficio dunha licenza de caza, partindo do feito de que parece claro que a superación das probas de aptitude polo interesado é un requisito esencial para a obtención da primeira licenza de caza, tal e como se desprende do artigo 46.4 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, e do artigo 45.1 do Regulamento de caza de Galicia, aprobado polo Decreto 284/2001, do 11 de outubro. Así mesmo, citábase no ditame a Orde do 1 de xuño de 2007 pola que se regula o exame de cazador na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sinalaba o ditame que semella claro que un requisito esencial para a obtención da primeira licenza de caza é a superación das anteditas probas de aptitude polo interesado, sendo así que o outorgamento daquela licenza despois da entrada en vigor da orde citada sen ter superado aquelas probas determina a nulidade de pleno dereito do acto administrativo, procedendo logo a súa revisión de oficio pola causa do artigo 62.1, f) da LRXPAC, tal e como propugnaba a proposta de resolución remitida.

3.2. A revisión de oficio en execución de sentenza que ordena tramitar o procedemento sen predeterminar o contido da resolución que se dite

A cuestión foi obxecto de estudo por este órgano consultivo con ocasión da remisión, para preceptivo ditame, dun expediente incoado polo Concello de Santiago de Compostela para a revisión de oficio en execución de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, do 14.02.2014, das licenzas de obra e actividade concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, así como das obras de ampliación e rehabilitación concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local do 10.03.2008 á entidade *L, S.L. para actividade hoteleira de catro estrelas con spa e wellnes na antiga fábrica de papel sita no SUNP-29 de Vidán* por entender que concorre o suposto previsto no artigo 62.1.f) da LRXPAC. Expediente este, que pola súa singularidade, merece ser incorporado a esta memoria de actividades.

O ditame CCG 169/15 analizou a cuestión verbo da causa de nulidade invocada para a revisión de oficio, ao abeiro do artigo 62.1, f) da LRXPAC, relativa aos actos *“expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición”*.

O ditame, na busca de criterios que permitisen apreciar a concorrencia desta causa de nulidade absoluta, razoou: *“el concepto de requisitos esenciales para adquirir derechos que señala la mencionada letra f) puede permitir apreciar la existencia de nulidad radical en supuestos de colisión cualitativa respecto de la ordenación, como sucedería por ejemplo, en el supuesto de licencias que ampararan actuaciones incompatibles con el régimen jurídico del suelo. No parece, en cambio que la letra f) del artículo 62.1, tantas veces citada, dé cobertura para calificar como nulas de pleno derecho las licencias urbanísticas que infringiesen aspectos de las condiciones de edificación o usos previstos por los planes de ordenación, siempre que no sean subsumibles en el citado concepto de requisitos esenciales”*.

A continuación, o ditame de razón procedeu, baixo a consideración dos referidos criterios, a analizar a posible concorrencia da causa de nulidade invocada polo interesado na revisión de oficio das licenzas cuestionadas.

Con carácter previo, o referido ditame deu resposta á alegación reiteradamente efectuada pola referida entidade consonte á cal a acción de nulidade se atoparía prescrita, de acordo co prescrito polo artigo 64 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, do seguinte teor:

“O alcalde, de oficio ou por instancia de parte, deberá revisar, a través dalgún dos procedementos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as licenzas ou ordes de execución cuxo contido constituía unha infracción urbanística tipificada como falta grave ou moi grave, e sempre que non transcorresen máis de catro anos desde que foron outorgadas”.

Sostiña a citada entidade que, por virtude do establecido no referido precepto, a regra xeral de imprescritibilidade da acción de revisión de oficio dos actos administrativos por vicio de nulidade se limita, no ámbito das licenzas urbanísticas, a un prazo de catro anos que neste caso xa tería transcorrido, polo que xa non poderían ser obxecto de revisión os eventuais vicios de nulidade das licenzas, procedendo declarar a prescrición da acción de revisión de oficio, co inmediato arquivamento e sobresemento do presente procedemento.

O ditame CCG 169/15 aclarou que tal argumentación debe rexeitarse. O precepto transcrito incorpora unha obriga de revisar nese prazo as licenzas cuxo contido constituía unha infracción urbanística tipificada como falta grave ou moi grave, que en ningún caso interfere no réxime xurídico da revisión de oficio de actos administrativos regulado nos artigos 102 e seguintes da LXPAC. Evidentemente, esa norma autonómica, de rango regulamentario, tampouco sería quen de establecer una excepción semellante nesta materia, cuxa regulación é competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1.18 da Constitución).

Así resultaba, por outra banda, do disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo o que *“(…) las Corporaciones Locales podrán revisar sus actos y acuerdos en los términos y con el alcance que, para la Administración del Estado, se establece en la legislación del Estado reguladora del procedimiento administrativo común”.*

A maior abastanza, notaba o ditame de razón, como se observaba na proposta de resolución, a inaplicabilidade dese invocado límite temporal tamén derivaría do feito de que o procedemento se tramitaba en execución do ordenado por sentenza xudicial firme.

Tamén resultaba necesario subliñar, segundo apuntou o ditame de referencia, na vista das alegacións efectuadas polo señor R., verbo desta cuestión, que cando a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela, do 12.02.2014, lle ordena ao Concello “... *tramitar el procedimiento de revisión de oficio correspondiente en la forma expuesta en la fundamentación jurídica de la presente sentencia*”, ese mandato circunscribese en exclusiva a establecer a obriga de iniciar e proseguir o referido procedemento revisorio ata a súa resolución, sen que os razoamentos que se levan a cabo na súa fundamentación xurídica, para xustificar a procedencia desa decisión constitúan cousa xulgada e, por tanto, determinen a decisión que se debe adoptar no procedemento de revisión de oficio.

A continuación o ditame CCG 169/15 entrou na análise de fondo sobre a posible incursión das licenzas controvertidas na causa de nulidade sinalada. A sentenza ordenou tramitar o procedemento de revisión de oficio baixo a consideración de que no outorgamento de tales licenzas se puido ter infrinxido o disposto polo artigo 46.6 da LOUGA.

Tal e como apuntaba o ditame, a sentenza facía referencia ao informe da Dirección Xeral de Urbanismo sobre o Plan Especial, no que expresamente se afirma que a medición da superficie edificable máxima autorizable debe realizarse de conformidade cos criterios do referido artigo 46.6 a) da Lei 9/2002, así como co informe pericial subscrito polo arquitecto Sr. O., achegado aos autos pola parte demandante, no que se concluía que “*se ha concedido licencia a una edificabilidad total, con los criterios de la Ley 9/2002, de 5.031,50 metros cuadrados construidos, superando ampliamente los 3.560,00 metros cuadrados señalados como máximo en el Plan Parcial*”.

Pois ben, é precisamente verbo deste punto onde se producía unha aberta discrepancia entre as teses do particular que instou a tramitación deste expediente de revisión de oficio e a posición do Concello, plasmada na proposta de resolución.

Así, que mentres o primeiro, por remisión ao informe pericial referido, establecía a súa argumentación sobre a base de que a edificabilidade do ámbito a fixa o plan parcial, a Administración opoñía que o plan parcial xa non estaba en vigor

para o ámbito da antiga fábrica de Vidán, pois foi substituído polo Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto da fábrica de papel de Vidán do S. XVIII, incorporado ao vixente PXOM.

Por outra banda, o informe pericial sostiña que, computada a edificabilidade outorgada a través das licenzas de conformidade co previsto no artigo 46.6 LOUGA, se excedería a edificabilidade máxima de 3.560 m² que o Plan parcial fixaba para a antiga hidroeléctrica. Unha apreciación que o Concello tamén rexeitaba, tendo en conta o diferente criterio de cómputo contido no referido plan.

Así as cousas, o ditame CCG 169/15 argumentaba que o artigo 46.6,a) inclúe no cómputo para a determinación da superficie edificable total as superficies de carácter lucrativo construídas no subsolo, non sendo as destinadas a rochos de superficie inferior a 10 m² vinculados ás vivendas do edificio, a aparcadoiros ou a instalacións de servizo como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

Polo contrario, a ordenanza do Plan Parcial, establecía, segundo se cita no ditame de referencia, que *“La parte de la edificación principal de la antigua hidroeléctrica, existente por debajo de la cota de acceso, no computará edificabilidad, y podrá albergar el uso de la edificación principal”*.

En tales circunstancias, ben se comprendía a inadecuación do procedemento de revisión de oficio para dirimir tales diferenzas de criterio e, moito menos, abordar as eventuais consecuencias xurídicas correctoras das actuacións das que se deixou constancia ao longo do ditame. Consecuencias que, non se debía esquecer, non podían ser outras que a nulidade radical das licenzas en cuestión.

Como sinalou o Consejo de Estado no seu ditame 792/1991, aínda vixente a Lei de procedemento administrativo:

“En cuanto el procedimiento previsto en el artículo 110.2 de la LPA, está configurado en este precepto como cauce de una facultad excepcional que exige que su interpretación sea estricta y reveladora de una infracción manifiesta por la que debe entenderse una infracción terminante y clara, apreciable al comparar el contenido y alcance del acto con la norma contenida en la Ley y, en el supuesto del artículo 187.2 de la LS, del resultado de la confrontación del acto sometido a revisión (en el caso considerado, de la licencia urbanística) con los instrumentos de ordenación urbana, a los que se remite la propia LS (artículo 76), es evidente que, como ocurre en el caso sometido a dictamen, en que la determinación depende decisivamente de apreciaciones técnico-urbanísticas, no podrá concluirse que se está en presencia del presupuesto establecido

en el artículo 187.2 LS citado (que el contenido del acto constituya manifestamente algunas de las infracciones urbanísticas graves) cuando tales juicios técnicos son divergentes, hipotéticos o problemáticos”.

4. RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN

4.1. A aparición de documentos de valor esencial para a resolución do asunto que evidencien o erro da resolución recorrida

Este Consello Consultivo ditaminou sobre o que se consideran documentos de valor esencial en materia de recurso extraordinario de revisión, verbo de dous expedientes referentes a recursos extraordinarios de revisión interpostos, o primeiro interposto para anular a transmisión de concesión duns nichos do cemiterio municipal de Fene (ditame CCG 112/16) e o segundo interposto contra unha Resolución do 19.03.2015 da Consellería do Mar pola que se resolve desfavorablemente a solicitude de transmisión dun permiso de explotación dunha embarcación (ditame CCG 131/16).

Como é ben sabido e como reiteradamente vén sinalando este Consello Consultivo, recollendo a máis consolidada doutrina e xurisprudencia, o recurso de revisión é unha vía excepcional fronte a certos actos que adquiriron firmeza, do que só se pode facer uso nos concretos supostos establecidos na lei e concretamente no seu artigo 118.1. O seu carácter excepcional confírelle un carácter restritivo e taxado que, impide ao intérprete calquera aplicación expansiva deste, aspectos nos que poñen especial énfase tanto o Tribunal Supremo (Sentenza do 20 de maio 1992), coma o Consejo de Estado (ditames 485/1994, do 21 de abril, e 792/1994, do 5 de maio, entre outros moitos).

No caso analizado no ditame CCG 112/16 a parte recorrente sinala no seu recurso que concorre a circunstancia do artigo 118.1 no seu apartado 2º, a aparición de documentos de valor esencial para a resolución do asunto que evidencien o erro da resolución recorrida, identificando como tal unha escritura de aceptación e adxudicación parcial de herdanza.

Logo da análise dos feitos concretos do caso examinado, o ditame puxo de manifesto que a escritura de que se trataba resultaba de valor esencial para a resolución do asunto e evidenciaba o erro en que incorreu o acto administrativo ao autorizar a transmisión da concesión dos nichos exclusivamente a favor dunha persoa, descoñecendo o feito da súa titularidade en pro indiviso resultante do pactado na

referida escritura. Tratábase, como sinalaba o ditame, dun erro de feito, é dicir, dunha realidade independente de calquera opinión, criterio particular ou apreciación, e non dunha cuestión de cualificación xurídica.

O ditame de razón considerou que, de acordo co establecido no artigo 119 da LRXPAC, a resolución do recurso de revisión debía pronunciarse non só sobre a procedencia do recurso, senón tamén sobre o fondo da cuestión resolta polo acto recorrido, como así acontecía na proposta de resolución sometida a ditame.

Consecuentemente, e de acordo coa análise realizada, concluíu o ditame CCG 112/16, que se entendía procedente a estimación do recurso extraordinario de revisión, por mediar o suposto previsto no artigo 118.1.2ª da LRXPAC, que autorizaba a adopción de tal excepcional e extraordinaria medida.

En cambio, no ditame CCG 131/16 o interesado non identificaba o motivo en que baseaba a súa pretensión pero advertía ao Consello Consultivo que o ditame se emitía en virtude do principio de economía procedemental e eficacia administrativa, tendo en conta a cualificación realizada pola Administración autonómica que incardinaba o suposto no artigo 118.1.2ª da LRXPAC.

No caso analizado no ditame, a Consellería do Mar achegaba Instrución do 16 de xullo de 2015, ditada con posterioridade á resolución recorrida, e que, segundo a proposta, constituía un elemento posterior e de valor esencial para a resolución do asunto, que determinaba a concorrencia do requisito obxectivo necesario para a admisibilidade do recurso extraordinario de revisión interposto, e isto porque a súa aplicación permitía autorizar a transmisión dun permiso de explotación realizada con carácter previo, se a solicitude cumpría os requisitos previstos na normativa vixente, a diferenza da resolución recorrida, que foi desestimatoria das pretensións do recorrente polo feito de non contar coa autorización previa da consellería, sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos necesarios para a dita autorización, valoración que si viña realizando nos supostos similares producidos con posterioridade á instrución.

Logo da análise de todas e cada unha das condicións establecidas na causa segunda do artigo 118.1 LRXPAC, interpretadas á luz da doutrina, xurisprudencial e consultiva, existente na materia, o ditame CCG 131/16 procedeu a reproducir o artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, significando que a natureza xurídica das instrucións é a de actos ou resolucións de orde interna, que só afectan as relacións de xerarquía ou dirección entre os órganos superiores e os inferiores, emanados con

diferentes finalidades, todas elas dirixidas á mellor prestación do servizo, tales como: establecer criterios interpretativos unitarios; impartir instrucións de tipo organizativo; sinalar obxectivos, ou, como no presente caso, implantar procedementos de actuación en relación co procedemento de transmisión de permisos de explotación de buques.

Consideraba o ditame de razón que a Instrución cumpría o requisito da súa transcendencia esencial na resolución do asunto, pois é de entender que, de ter existido, a resolución desestimatoria da solicitude de transmisión podería ter sido outra.

Porén, tal e como argumentaba o ditame, non ocorría o mesmo con respecto ao segundo requisito exixido pola circunstancia 2ª do artigo 118.1 LRXPAC, que consiste en que os documentos que aparezan *“evidencien o erro da resolución recorrida”*.

En relación con este condicionante xa ten indicado este Consello Consultivo que o erro a que se refire o citado parágrafo é o erro de feito, e, en relación con este, debe lembrarse que a xurisprudencia do Tribunal Supremo e a doutrina do Consejo de Estado, reiteran un criterio xa consolidado no que se considera erro de feito *“a aquel que verse sobre un hecho, cosa o suceso, es decir algo que se refiere a una realidad independiente de toda opinión, criterio particular o calificación”*; quedando excluído do seu ámbito *“todo aquello que se refiere a cuestiones jurídicas, apreciación de la transcendencia o alcance de los hechos indubitados, valoración de las pruebas e interpretación de disposiciones legales y calificaciones que puedan establecerse”*. (STC 06.02.1975, 28.09.1984 e 04.10.1993).

Pois ben, no caso do expediente que ocupa o referido ditame, a instrución tiña por obxecto *“a uniformización, en todas as xefaturas territoriais, na tramitación dos procedementos que se tramitan en materia de transmisión do permiso de explotación por venda de embarcación, e atenda aos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir as actuacións da Administración”*. É dicir, estíbese perante unha instrución que tiña por obxecto a interpretación dunhas disposicións legais.

Estimou o ditame CCG 131/16 que a resolución recorrida era perfectamente legal, e fora ditada con absoluto respecto á Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, e aos artigos 3 e 14 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación pesqueira e marisqueira, non existindo nela ningún erro, polo que a instrución posterior non producía o efecto de *“evidenciar o erro da resolución recorrida”*. Por todo o exposto, este Consello Consultivo emitiu o seu parecer desfavorable ao expediente.

5. A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

5.1. Incumprimento dos prazos parciais e do prazo total da execución das obras dun centro de saúde

Con ocasión da análise dun expediente de resolución contractual, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse verbo do incumprimento dos prazos parciais e do prazo total de execución da obra (CCG 198/16).

O ditame de razón partía da resolución do contrato de obras dun centro de saúde, con base no artigo 223, letra d), do TRLCSP, que dispón que será causa de resolución do contrato *“La demora en el cumplimiento de los plazos por parte del contratista ...”*; poñendo en relación dito artigo co 212 do TRLCSP, que establece no seu número 2 como *“El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como de los plazos parciales para su ejecución sucesiva”*, engadindo no seu número 6 como a Administración terá a facultade de resolver o contrato ou de impoñer penalidades respecto do incumprimento dos prazos parciais *“cuando se hubiese previsto en el pliego de cláusulas administrativas o cuando la demora en el incumplimiento de aquéllos haga presumir razonablemente la imposibilidad de cumplir el plazo total”*.

Na análise desta causa de resolución, este Consello Consultivo ten reiterado en numerosos ditames (por todos, o CCG 393/11), que do contrato de obra pública nace unha relación obrigatoria, na que aparece como principal e máis relevante consecución a do remate da obra en condicións que deben resultar axustadas ás especificacións técnicas previamente establecidas no proxecto, para deste modo poder servir ao fin previsto. Pero, ademais, a dita relación obrigatoria despreza unha multiplicidade de efectos entre os cales adquire unha especial relevancia o tempo investido na realización da obra, factor este que no expediente analizado resultaba determinante da proposta de resolución que se sometía a ditame.

Trasladando esas consideracións ao suposto examinado no ditame 198/16, resulta que o contrato de razón tiña un prazo de execución de doce meses contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo (cláusula 2.2.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula quinta do contrato) e que a acta de comprobación do reformulo fora subscrita pola Administración e a contratista, sen reserva por parte desta última, o día 10.03.2015. Polo tanto, o día de comezo da execución das obras era o 11.03.2015, e o prazo finalizaba o 11.03.2016.

Constatado, logo, o incumprimento dos prazos parciais establecidos pola propia adxudicataria no programa de traballo por ela presentado, e na data da emisión do ditame tamén o incumprimento do prazo total de execución, o citado ditame procedeu a analizar se ese incumprimento era imputable, ou non, ao contratista.

O referido ditame argumentaba que, á marxe da regulación contida no derogado Regulamento xeral de contratación do Estado, a regulación vixente e, en particular, o artigo 212.6 atribúe ao incumprimento dos prazos parciais, sen distinción de ningún tipo, a configuración de presuposto habilitante para a resolución contractual ou para a imposición de penalidades cando así se prevea no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total. No caso analizado o propio prego do contrato, con carácter de lei entre as partes (cláusulas 1.1.4 e 6.1.1.7), dispoñía na cláusula 7.5.1 que no caso de incumprirse os prazos parciais sinalados no programa de traballo por causas imputables ao contratista, *“observarse o disposto polos artigos 212 a 214 TRLCSP e 98 a 100 do RXLCAP”*. E, ademais, o incumprimento daqueles prazos parciais facía razoablemente presumir, como xa se puido constatar na data de emisión do ditame, o incumprimento do prazo total de execución da obra.

Sen ánimo de exhaustividade, o ditame destacou que a falta de pagamento pola Administración contratante dos traballos realizados, tal e como se considerou no ditame CCG 78/16 non é unha circunstancia que puidese enervar a resolución pretendida, porque tal falta de pagamento non habilitaría a mercantil para a suspensión da execución da obra, senón para solicitar a resolución contractual nos termos previstos no artigo 223, letra e), do TRLCSP.

Polas razóns expostas, o ditame CCG 198/16 considerou a existencia dun incumprimento dos prazos parciais e tamén do prazo total de execución da obra, incumprimento que debía cualificarse, á vista do exposto no ditame, como imputable á mercantil adxudicataria. E ese incumprimento, de acordo co previsto nos artigos 212 e 223, letra d), do TRLCSP, permitía a resolución contractual pretendida.

Por último o ditame entrou a analizar os efectos da resolución, amosando a conformidade deste Consello Consultivo á proposta de resolución no sentido de que a concreta determinación da indemnización polos danos e perdas a aboar pola mercantil quedara postergada a un ulterior procedemento contraditorio que debería ser instruído para o efecto, suposto este que este Consello Consultivo considera adecuado e usual en procedementos deste tipo.

5.2. Posibilidades novas ou causas imprevistas no exercicio do *ius variandi* de modificación de contratos administrativos pola Administración

Este Consello Consultivo de Galicia tivo ocasión de pronunciarse verbo do exercicio do *ius variandi* pola Administración por mor da modificación dun contrato de xestión do servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto no Concello de Vigo.

O ditame CCG 82/16 partía da presenza dun interese público na modificación do contrato que se pretendía pois ese era o obxectivo primario a lograr por parte da Administración municipal, intentando manter a continuidade do contrato e a estabilidade orzamentaria do concello que, segundo o informe da Intervención, crebaría no caso da súa resolución.

Consideraba o ditame de razón que a nota da imprevisibilidade, como condicionante da modificación, non atende de xeito directo e inmediato á protección do aludido interese público senón que deriva da necesaria protección dos principios de concorrência e publicidade na contratación pública, establecidos para a protección dos intereses daqueles terceiros que poidan ser eventuais concurrentes nos procesos de selección, aínda que estas exigencias, obviamente, si redunden de xeito indirecto no beneficio do interese público, habilitando a posibilidade de que a Administración poida obter unhas condicións máis beneficiosas nos seus contratos.

A Administración municipal esgrimía, como causa nova que habilitaba a modificación pretendida, a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, cuxos postulados impedirían afrontar a indemnización que haberá que aboar á contratista para o caso de resolución do contrato; e, como causa imprevista, a previsible declaración de concurso da concesionaria de non procederse á modificación do contrato. E isto sobre a base de que a modificación proposta garantía a continuidade do contrato e evitaba os prexuízos que para a facenda municipal produciría a resolución do contrato por mor da declaración de concurso da concesionaria.

Pois ben, tal e como destacaba o ditame CCG 82/16, esas causas nas que se apoiaba a modificación contractual encaixaban dificilmente na categoría de “*necesidades novas ou causas imprevistas*” que están delimitadas nos artigos 101 e 240 do TRLCAP.

Así, apuntaba o ditame de razón que, polo que se refire á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, como xa advertiu o informe da Asesoría Xurídica do concello do 5.02.2016, diversos órganos consultivos teñen admitido a redución

do gasto público e o control do déficit como causa que permite a modificación dos contratos administrativos, procedendo á redución do obxecto do contrato (neste sentido, o ditame 6/2010, do 20 de xaneiro, do Consejo Consultivo de Castilla-La Mancha, o ditame 146/2011, do 23 de xuño, da Comisión Jurídica Asesora de Cataluña ou o ditame 61/2014, do Consejo Jurídico Consultivo de la Región de Murcia), especialmente tras a entrada en vigor da devandita lei. Esta admisión, tivo lugar partindo de que nos supostos ditaminados o que se pretendía coa modificación proposta era reducir o obxecto do contrato, coa conseguinte redución do seu custo para a Administración no seo da relación contractual, ao minorarse o prezo que debía aboar a Administración contratante.

No entanto, a modificación obxecto de ditame presentaba unhas características singulares que diferían dos supostos esgrimidos no informe da Asesoría Xurídica e que, polo tanto, nese caso, impedían a consideración da entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, como circunstancia habilitante da modificación pretendida. A diferenza daqueles supostos, na proposta de modificación analizada, a redución do obxecto do contrato (en concreto, a eliminación da construción e explotación do aparcadoiro de uso mixto na rúa Rosalía de Castro e a suspensión, e eventual supresión, da execución do aparcadoiro anexo de residentes naquela rúa) comportaba, pola contra, una minoración dos ingresos a percibir polo concello atendendo aos canons anuais fixados no artigo 62 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Nese punto, era preciso notar que a proposta de modificación remitida consideraba, non o impacto na facenda local da modificación do contrato en si, senón o impacto que nas arcas municipais produciría a posible resolución do contrato, partindo dun xeito case explícito de que se a modificación non chegaba a aprobarse, a concesionaria entraría en concurso voluntario, determinando a resolución do contrato administrativo e a conseguinte indemnización a favor da mercantil.

Agora ben, tal e como estimaba o ditame CCG 82/16, malia que ese era un escenario posible, que non inexorable, debía notarse, e isto era transcendente, que as causas novas que habilitan para a modificación dos contratos administrativos, deben darse no seo da relación contractual e con efectos vixentes a ela, sen que caiba proceder á modificación dos contratos sobre a consideración dos efectos que aquelas causas novas poidan producir con ocasión dunha eventual resolución do contrato. É dicir, nada impediría invocar a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira como causa nova para a modificación do contrato tras a entrada en vigor

da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, se fose necesario preservar unha e outra no seo da relación contractual e na súa execución (por exemplo, reducindo o prezo a pagar pola Administración), mais o que non era viable era que, considerando o escenario dunha posible resolución do contrato por mor da declaración de concurso da concesionaria, e a conseguinte indemnización a favor desta, se apelase a aquelas causas para modificar os termos do contrato vixente, minorando ademais o canon a percibir polo concello e establecendo unha compensación a cargo da Administración e a favor da adxudicataria. En definitiva, a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira, para configurarse como causa nova válida para a modificación do contrato, debía incidir no desenvolvemento da execución do contrato e non proxectarse sobre unha eventual resolución daquel.

Continuaba resaltando o ditame que tampouco se podía admitir a eventualidade da declaración de concurso da sociedade instrumental creada pola concesionaria para a xestión do contrato, como unha causa imprevista. A declaración de concurso dunha sociedade é unha incidencia habitual no xiro mercantil, suxeito as flutuacións económicas da oferta e da demanda, e neste sentido está expresamente prevista no artigo 111 do TRLCAP como causa de resolución dos contratos administrativos.

Engadía o ditame que, así as cousas, as anteriores obxeccións xunto coa entidade da modificación contractual que se pretendía, que supoñía alterar o obxecto do contrato, eliminando a construción de ata dous dos catro aparcadoiros licitados (os dous cunha peor perspectiva económica na explotación, segundo o informe de S. Consultora), reducindo ao tempo o prezo inicial do contrato preto dun 44% e establecendo unha compensación económica a cargo do concello, engadían outro elemento negativo no tocante á aceptación da modificación contractual nos termos nos que esta se presentaba.

Tratábase, en definitiva de non desnaturalizar o principio de licitación pública que rexe no ámbito da contratación administrativa, evitando que, a través de modificacións posteriores á adxudicación, se alteren as condicións que serviron de base para esta, en prexuízo dos demais licitadores que formularon as súas proposicións.

Atendendo a todo o exposto e á vista da motivación da modificación contractual contida na proposta de resolución remitida, este Consello Consultivo emitiu informe desfavorable sobre a proposta de resolución concluindo que esta carecía de amparo nos presupostos habilitantes.

5.3. Exercicio pola Administración da prerrogativa de interpretación unilateral dos contratos administrativos: modificacións legais que require a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo e urbanismo de Galicia

Con ocasión da análise dun expediente remitido polo Concello de Cambre este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse verbo do exercicio da prerrogativa de interpretación unilateral que lle corresponde ao órgano de contratación (CCG 248/16).

O feito de que se trate dunha prerrogativa da Administración non implica que esta interpretación poida facerse de xeito arbitrario, senón que debe facerse de acordo cos criterios hermenéuticos establecidos na lei, estes criterios non son distintos dos establecidos para os contratos privados. Por outra banda, ademais, o criterio expresado pola Administración no exercicio desta prerrogativa non é un dogma inatacable, senón que exterioriza un punto de vista susceptible de revisión ante os órganos xurisdiccionais competentes.

En canto á formación dese criterio, e diante da inexistencia de normas específicas ao respecto na normativa de contratación do sector público, serán aplicables as previsións establecidas no Código civil sobre a interpretación dos contratos, sempre que sexa posible, como indica unha constante xurisprudencia do Tribunal Supremo (por todas a Sentenza do 15.02.2000) e resulta do previsto no artigo 19.2 da LCSP.

O fondo do asunto do expediente remitido no ditame CCG 248/16 consistía en determinar se resultaba conforme dereito a interpretación do contrato mantida polo Concello de Cambre, que entendía que *“a adaptación do documento presentado ás modificacións legais que require a Lei 2/2016, do solo de Galicia, non constitúe por si unha modificación do contrato, nin precisa dun expediente modificadorio, xa que tal adaptación está incluída dentro dos traballos a realizar, sen implicar modificación do prezo do contrato, e, polo tanto, debe ser efectuado pola entidade adxudicataria sen implicar custo ningún para o concello”*, ou ben se, como sostíña a adxudicataria nas súas alegacións, as diferenzas entre a documentación do plan xeral segundo a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e do medio rural de Galicia (Lougá), e a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo e urbanismo de Galicia (LSG), e mesmo as diferenzas de contido dos plans xerais segundo a Louga e segundo a LSG, eran de tal magnitude, que representarían una alteración substancial dos termos do contrato, con independencia dos custos engadidos que isto representaría para a contratista.

Así, recollía o ditame o contido da cláusula 5 (*Revisión de prezos*) na que, logo de recollerse que “*El precio de los servicios comprendidos en este contrato, teniendo en cuenta su plazo de ejecución, no será objeto de revisión en ningún caso, y, por tanto, no se aplicará fórmula de revisión alguna*”, precisábase de xeito categórico que “*En el caso de que durante la vigencia del contrato sea modificada la normativa urbanística no se admitirán revisiones de precios, estando obligado el contratista a adaptar los trabajos que hayan efectuado a la nueva normativa, cualquiera que sea la fase en la que se encuentren*”.

Evidentemente, esta última previsión relativa á eventual modificación da normativa urbanística, e a conseguinte obriga de adaptar os traballos a esta, incluía calquera tipo de modificación do marco legal, e por tanto, tamén, a publicación e entrada en vigor dunha nova lei do solo.

6. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL SANITARIA

O número de ditames sobre reclamacións de responsabilidade patrimonial que teñen a súa causa en actuacións sanitarias, aínda que foi diminuindo nos últimos anos, segue sendo o máis numeroso cuantitativamente (273 ditames)

O seu peso, no conxunto da actividade do Consello Consultivo de Galicia, é do 64,85% de todos os ditames emitidos. A explicación da tendencia decrecente non reside tanto na diminución do número de reclamacións que formulan os cidadáns sobre esta materia, como na modificación lexislativa operada no ano 2014, que limitaba os asuntos competencia deste Consello Consultivo a aqueles nos que a cantidade reclamada excedera os 30.000 euros no caso de reclamacións contra a Administración autonómica e os 15.000 euros no caso de reclamacións contra as administracións locais.

Tendo en conta o seu peso específico, a materia de responsabilidade sanitaria foi obxecto dunha especial atención por parte do Consello Consultivo no ano 2016.

6.1. A consideración dos danos iatroxénicos

No ditame CCG 311/16, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre se a existencia dun dano iatroxénico conduce máis á apreciación da existencia dun dano que deba ser reparado pola vía da responsabilidade patrimonial.

Como é ben coñecido, a iatroxenia pon de manifesto, exclusivamente, a existencia de causalidade, pero este requisito non é abondo para que xurda o deber de indemnizar,

por canto os particulares unicamente teñen dereito a ser indemnizados polos danos que non teñan a obriga xurídica de soportar (artigo 141.1 LXPAC), e a prestación sanitaria, como prestación de medios que é, non pode ser avaliada, con carácter exclusivo dende o punto de vista do resultado, sendo conforme co criterio obxectivo de responsabilidade patrimonial da Administración que, aínda que non se acade un resultado satisfactorio con ocasión dunha asistencia sanitaria, a Administración non poida ser declarada responsable por non ser aquel dano antixurídico.

Como xa ten dito este Consello Consultivo, aínda admitindo a eventual concorrencia da necesaria relación de causalidade entre a asistencia sanitaria e os danos producidos, e partindo tamén da responsabilidade obxectiva da Administración, non sempre procederá, a pesar diso, declarar a responsabilidade da Administración, posto que o paciente ten o deber xurídico de soportar os efectos inherentes ou propios da terapia establecida para a súa curación ou, mesmo, razoablemente derivados da particular intervención que se realice, e por iso considera este Consello Consultivo que non é antixurídica unha lesión que ten lugar con ocasión dunha intervención cirúrxica cando na realización desta se observaron as obrigas que a *lex artis* impón aos profesionais da medicina (ditame CCG 675/02 ou CCG 231/16).

A partir desas afirmacións, é no eido da proba onde se debe dilucidar a determinación de se a interesada tiña a obriga de soportar o dano producido por derivar este dunha prestación sanitaria consonte a *lex artis*.

No ditame CCG 311/16, o dano producido constaba, efectivamente, como un risco típico da intervención no documento de consentimento informado asinado pola paciente e era perfectamente compatible a materialización dunha secuela non desexada coa observancia dunha adecuada *lex artis*, circunstancia pola que a constatación de tal secuela non era elemento abondo para establecer a existencia da responsabilidade patrimonial que demandaba a parte demandante.

6.2. A prescrición da acción e os danos continuados

Con ocasión da análise de varios expedientes de responsabilidade patrimonial instruído pola Consellería de Sanidade por mor dunha mala praxe sanitaria prestada, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre o cómputo do prazo de prescrición da acción en ausencia de curación e a determinación do *dies a quo* a partir da previsión legal de “*determinación do alcance das secuelas*” nos ditames CCG 321/16 e CCG 381/16.

Para o estudo dos casos, ambos os dous ditames partían de que un dos presupostos legais da declaración de responsabilidade patrimonial é a interposición da reclamación en prazo, por canto, de conformidade co disposto no artigo 142.5 da Lei 30/1992:

“En todo caso, o dereito a reclamar prescribe ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. En caso de danos, de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas”.

Apuntaba o ditame CCG 381/16 que a existencia de procesos asistenciais en curso, como pode ser unha secuencia de rehabilitación, ou a realización de controis periódicos da doenza, non supoñen necesariamente a suspensión do cómputo de prescrición, e de feito non o suspenden cando existe un cabal coñecemento do dano e este é razoablemente previsible. Así o entende o Tribunal Supremo en sentenzas como a do 30.06.2009 ou a do 06.05.2015 na que, logo de distinguir os supostos de danos continuados e danos permanentes, se establece respecto destes últimos, como vai dito, que aluden a lesións irreversibles e incurables, aínda que non intratables *“por lo que los tratamientos paliativos o de rehabilitación ulteriores o encaminados a obtener una mejor calidad de vida, o a evitar eventuales complicaciones en la salud, o a obstaculizar la progresión de la enfermedad, no enervan la realidad de que el daño ya se manifestó con todo su alcance”*.

Sobre a base desta doutrina, da análise da documentación do expediente remitido resultaba que aínda que inicialmente houbera unha indefinición no alcance do diagnóstico e a súa evolución, as secuelas da lesión fóranse consolidando no tempo, como así o poñía de manifesto a circunstancia de que a interesada obtivera un recoñecemento de discapacidade do 82%, revisable en tres anos. E aquela situación inicial de certa indeterminación e evolución diagnóstica, mantida durante un tempo superior aos 18 meses, variou paulatinamente cara a unha estabilización neurolóxica e funcional, observándose ademais en xaneiro de 2014 unha melloría radiolóxica en relación co estudo previo, achado radiolóxico que se acompasa coa clínica da paciente, cuxa estabilización funcional nas secuelas era apreciada expresamente no seu informe de alta de xullo de 2014 (07.07.2014).

Precisamente, esta era a data que a proposta de resolución apreciaba que estaba definitivamente establecido o alcance das secuelas conforme cos parámetros que sobre o particular ten establecido o Tribunal Supremo, por resultar establecido de modo previsible e permanente o alcance do dano cerebral e as súas repercusións

funcionais e neurolóxicas (STS 24.04.2012), determinación permanente que non necesariamente homoxéneas (STS 03.10.2014), e na marxe da continuación dunha posterior asistencia sanitaria de control ou fisioterapéutica, por ser danos irreversibles e incurables, aínda que non intratables (STS 06.05.2015).

De feito, tal e como recollía o ditame de razón, con posterioridade á data do 07.07.2014, non existiu un só documento clínico que recollese unha modificación significativa do diagnóstico da lesión cerebral ou as súas secuelas.

Á vista destas circunstancias, o ditame CCG 381/16 concluíu que no suposto examinado existía unha prescrición da acción por ter sido presentada a reclamación de forma extemporánea engadindo ademais que a esa conclusión non empecía o alegado pola parte en relación coa existencia dun proceso asistencial ao longo dos anos 2014, 2015 e 2016.

De conformidade con todo o argumentado no ditame, este Consello Consultivo compartía o criterio establecido na proposta de resolución en torno á extemporaneidade da reclamación.

Pola súa banda, no caso analizado no ditame CCG 321/16, no que a filla dos reclamantes padecía como doenza unha leucomalacia periventricular, o Tribunal Supremo ten desbotado a súa natureza de dano continuado ao entender, nun suposto semellante, que o *dies a quo* para o exercicio da acción era a data da realización da resonancia magnética na que se diagnosticou a leucomalacia. Así, é a data do diagnóstico a que determina o nacemento da acción para reclamar a responsabilidade patrimonial dos servizos sanitarios.

Tal e como considerou na súa análise o citado ditame non pode negarse a posibilidade de que en casos particulares a evolución da doenza poida dar lugar á aparición de danos non previstos no momento do diagnóstico, pero no caso analizado os reclamantes limitáronse a apuntar, no trámite de audiencia concedido pola instrución, o carácter continuado do dano polo que reclamaban, sen achegar ningún dato ou informe médico que avalase o carácter evolutivo das secuelas derivadas da leucomalacia ventricular da menor.

Polo que, concluíu este Consello Consultivo no ditame CCG 321/16, que, téndose diagnosticado a leucomalacia periventricular da filla dos reclamantes no mes de novembro do ano 2010 mediante a realización dunha resonancia magnética, o exercicio da acción no mes de xuño do ano 2016 era manifestamente extemporáneo, procedendo, logo, o arquivamento da reclamación presentada.

6.3. O principio de congruencia entre o *petitum* da reclamante e a resolución finalmente ditada

Chama a atención a este Consello Consultivo con certa frecuencia os termos xenéricos nos que se expresan as reclamacións de responsabilidade patrimonial e a ausencia de informes periciais para sustentar a inadecuada praxe médica e vulneración da *lex artis*.

En relación co anterior, no ditame CCG 169/16 este Consello Consultivo tivo ocasión de lembrar a necesidade de congruencia entre as pretensións formuladas pola parte e o contido da proposta de resolución emitida polo órgano instructor.

Así, no dito caso, logo da análise dos distintos informes médicos emitidos no expediente, oe Consello Consultivo consideraba que a actuación do servizo público fora acorde cos protocolos aplicables no marco dun cadro médico desenvolvido pola parte.

Agora ben, a proposta de resolución recoñecía unha indemnización á interesada por un defecto no outorgamento do consentimento informado, aspecto este que non fora obxecto de denuncia pola parte.

Advertía o ditame de razón que en todo expediente administrativo de responsabilidade debe haber unha congruencia entre as pretensións formuladas pola parte e o contido da proposta resolución emitida polo órgano instructor.

Como é ben sabido, a omisión de información acerca de aspectos substanciais dunha intervención, pode determinar, con independencia de que esta se realice correctamente, sen infracción da *lex artis ad hoc*, un dano moral por lesión do dereito de autodeterminación do paciente.

Pero, no caso concreto analizado, a pretensión indemnizatoria formulada pola paciente de ningún xeito se abeiraba nesa causa, polo que por razóns de congruencia, non podía ser considerada, incidindo en que ao non ter sido interesado pola reclamante non se pode facer ningún pronunciamento sobre a cuestión (TSXM 20.09.2012, nº 656/2012, rec. 97/2009 e 01.07.2013, nº 535/2013, rec. 189/2011).

6.4. A indemnización de danos morais aos avós e tíos

Este Consello Consultivo pronunciouse ao respecto con motivo dun expediente de responsabilidade patrimonial por falecemento dunha neonata en que se solicita unha indemnización por danos morais polos pais da menor, os avós e a tía (ditame CCG 523/16).

Como antecedente sinalar que no caso do que se ocupaba o ditame se lle administrou á neonata unha medicación que fôra prescrita pola xinecóloga para a súa nai na sala de partos, producíndose o falecemento da menor.

O ditame sinalou que durante a tramitación de dilixencias previas no Xulgado de Instrución número 1 de Ferrol, a aseguradora Z. -entidade que cobre a responsabilidade civil do Sergas- consignou a cantidade de 49.887,98 euros; mentres que a entidade M., en calidade de aseguradora do Colexio de Enfermería, consignou a cantidade de 51.058,29 euros, suma que foi entregada en dous mandamentos distintos para ambos os pais.

Nese caso as cantidades entregadas foron calculadas de acordo coa Resolución do 31 de xaneiro do 2010 da *Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones por la que se da publicidad a las cuantías de las indemnizaciones por muerte, lesiones permanentes e incapacidad permanente que resultarán de aplicar durante 2010 el sistema para la valoración de los daños y perjuicios causados a las personas en accidentes de circulación*.

Tal e como notou o ditame de referencia, a indemnización por danos morais, que era o concepto polo que se reclamaba, estaba integrada na contía da indemnización resultante da aplicación do baremo e cuxa aplicación non fora discutida polas partes.

Deste xeito este Consello Consultivo coincide no ditame CCG 523/16 co criterio exposto na proposta de resolución no senso de entender que a pretensión da parte fora satisfeita, xa que as contías percibidas incluían os danos morais, polo que o concepto solicitado xa estaba percibido.

Ademais, destacaba o ditame, nese caso exercían a acción de reclamación, ademais dos pais da cativa, os avós e a tía da nena, pero de acordo coas táboas do baremo só admitían como prexudicados aos pais da vítima (grupo IV); os avós eran recoñecidos como beneficiarios en ausencia de pais, e non se recoñecía a condición de tío.

7. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

7.1. Cesamento de postos de traballo ocupados polo procedemento de libre designación en execución de sentenza xudicial

Con motivo de dous expedientes de reclamación de responsabilidade patrimonial tramitados polo Concello de Santiago de Compostela, este órgano consultivo tivo

ocasión de pronunciarse sobre a dita responsabilidade nos casos de cesamento dun posto ocupado polo procedemento de libre designación en execución de sentenza que anula parcialmente a modificación do cadro de persoal do concello, no referido á creación de tres prazas de funcionarios de habilitación de carácter nacional. É dicir, a cuestión de fondo era a relativa á eventual indemnización de danos e perdas derivados para os reclamantes dos seus cesamentos nos postos de secretario xeral do Pleno e de interventor xeral do Concello de Santiago de Compostela (ditames 269/16 e 270/16).

Para o estudo do caso, os ditames partiron de que o primeiro dos requisitos no tocante ao recoñecemento da responsabilidade patrimonial é que o dano sexa efectivo, é dicir, que se teña producido no momento de formular a reclamación.

O ditames CCG 269/16 e 270/16 tamén consideraban que as reclamacións presentadas tiñan a súa orixe na anulación xudicial dunha resolución administrativa, polo que era necesario abordar a súa análise tendo en conta que a lei non recolle para estes supostos unha derivación automática de responsabilidade patrimonial para a Administración, de acordo co artigo 142.4 da LRXPAC.

Apuntaban os ditames que unha adecuada interpretación do precepto impón ter en conta, como xa o fixo o Consello Consultivo en anteriores ditames como o CCG 777/05, a necesidade de fuxir de afirmacións xerais e absolutas, pois como sinala a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de xuño de 1990, “... *es inaceptable negar a la Administración el derecho a resolver según los criterios que siendo opinables dentro de la relatividad que a toda decisión jurídica imprime la estructura problemática de la ciencia del derecho, considere ser los más adecuados a la legalidad vigente e imputarle responsabilidad cuando dichos criterios no prosperasen en la revisión judicial ...*”. Ou, como di a Sentenza do 7 de xuño de 1984, porque o dereito á indemnización “... *no puede venir fundado tan sólo en el error jurídico que la Administración pueda cometer en la apreciación de los hechos del expediente o en la interpretación y aplicación de las leyes*”.

Tamén teñen en conta os ditames a STS do 20 de febreiro de 2012, con cita doutras anteriores do mesmo Tribunal, que lembra que “*En particular, y por lo que se refiere al criterio de antijuridicidad del daño, ésta no se anuda a la conformidad o no a Derecho de la actuación administrativa sino a que el resultado de la misma produzca en el administrado un perjuicio que este no tenga el deber de soportar. Y, en relación con los supuestos de anulación de actos, si bien la mera anulación de resoluciones administrativas no presupone sin más el derecho a la indemnización, sí puede ser supuesto de tal indemnización en aquellos casos en que la anulación produjo*

unos perjuicios individualizados y evaluables económicamente que el ciudadano no viene obligado a soportar; no siendo, por tanto, el aspecto subjetivo del actuar antijurídico de la Administración el que debe exigirse para sostener el derecho a la indemnización, sino el objetivo de la ilegalidad del perjuicio, en el sentido de que el ciudadano no tenga el deber jurídico de soportarlo, ya que en tal caso desaparecería la antijuridicidad de la lesión.. Quiere ello decir que el examen de la antijuridicidad no debe hacerse desde la perspectiva del juicio de legalidad del acto que fue anulado, cuya antijuridicidad resulta patente por haber sido así declarada por el Tribunal correspondiente, sino desde la perspectiva de sus consecuencias lesivas en relación con el sujeto que reclama la responsabilidad patrimonial, en cuyo caso ha de estarse para apreciar dicha antijuridicidad a la inexistencia de un deber jurídico de soportar dichas consecuencias lesivas (...).”

Os ditames procederon a analizar de forma detallada todas as pretensións indemnizatorias dos accionantes, procedendo á desistencia de cada un delas, a excepción das pretensións de resarcimento pola non percepción de retribucións desde a data en que se levaron a efecto os cesamentos no Concello de Santiago ata a data en que os reclamantes se incorporaron a outros concellos.

Resultaba innegable nos dous casos analizados que, como consecuencia dos cesamentos producidos, sen correlativa asignación doutros posto de traballo no propio Concello de Santiago de Compostela, e ata que os interesados tomaron posesión noutras entidades locais, se produciu un dano efectivo derivado dunha situación antixurídica que aqueles non tiñan o deber xurídico de soportar; xerador, por tanto, dun suposto de responsabilidade patrimonial da Administración, xa que, durante eses períodos, os funcionarios non puideron percibir retribución ningunha e perderon, ademais, a correspondente cotización.

Por todas esas consideracións, este Consello Consultivo expresou o seu parecer favorable ás estimacións parciais das reclamacións, mediante o recoñecemento a favor dos reclamantes das indemnizacións equivalentes ao importe do salario deixado de percibir no Concello de Santiago como consecuencia dos cesamentos nos seus postos e ata as tomas de posesión nos novos postos de traballo.

7.2. Danos ocasionados por incendio en caso de concesión administrativa

Con motivo dun expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial tramitado pola aseguradora G. S.A. contra o Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, este Consello Consultivo

tivo ocasión de pronunciarse sobre se a acción está correctamente dirixida contra o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento dado que a xestión mediante concesión administrativa foi adxudicada polo Consorcio á empresa M. S.A. por un período de oito anos (ditame CCG 203/16).

A resposta a esa cuestión exixía partir dunha adecuada interpretación do artigo 214 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, (TRLCSP), artigo que deixa intacta para os particulares, a posibilidade de optar pola vía civil ou pola administrativa á hora de reclamar a responsabilidade derivada de danos producidos por un contratista.

En efecto, como xa ten manifestado este órgano consultivo (por todos ditame CCG 240/02), en relación co artigo equivalente da anterior Lei de contratos das administracións públicas (artigo 98), este precepto, lonxe do que puidera dar a entender o seu propio teor e tendo en conta o réxime obxectivo de responsabilidade patrimonial vixente a que se refire, non parece dirixido a impoñer preceptivamente que o particular lesionado teña que exercer a súa acción necesariamente, de xeito directo, contra o contratista na vía civil no caso de que estimase o devandito prexudicado que é o concesionario o responsable da acción ou omisión que dá orixe ao dano, senón que, máis ben, o que parece estar regulando, de acordo coa consideración que a este respecto fan o Tribunal Supremo e o Consejo de Estado (Sentenza do 06.10.1994 e ditames do 18.6.1970 e do 12.6.1973, respectivamente) interpretando o artigo 134 do Regulamento xeral de contratación, que se pronuncia en similares termos é a acción que pode dirixir o lesionado contra a Administración para obter un pronunciamento sobre o responsable da lesión en atención á repartición da carga indemnizatoria entre a propia Administración e o contratista. Non parece que se poida interpretar doutra forma á vista dos vixentes postulados sobre responsabilidade o texto do artigo 214.3 do texto refundido da Lei de contratos cando expresa que *“Los terceros podrán requerir previamente, dentro del año siguiente a la producción del hecho, al órgano de contratación que se pronuncie sobre a cuál de las partes contratantes corresponde la responsabilidad de los daños ...”*.

A partir desta premisa ineludible, serán dúas as vías ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do contratista recollida nun acto administrativo. Opción esta pola que se decanta a última xurisprudencia do Tribunal Supremo, así as sentenzas do 30 de abril e do 8

de maio de 2000. Esta vía exige unha tramitación adecuada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao lle ser imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa que se pode seguir, á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración quen, de darse os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contraditorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, a Administración poida repetir contra este posteriormente, coas pertinentes garantías e logo da tramitación dun incidente contraditorio, xa sen intervención do prexudicado.

Trasladando as anteriores consideracións ao caso analizado no ditame 203/16, dada a tramitación seguida á hora de substanciar o expediente, con audiencia á empresa contratista, era perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia.

Entrando no fondo do asunto, o ditame de razón consideraba que non resultaba controvertida nin a realidade do incendio nin dos danos causados, sen prexuízo da discrepancia sobre a súa valoración, sendo o obxecto do ditame resolver sobre a existencia ou non de nexo de causalidade, directo e inmediato entre os danos e o funcionamento da Administración demandada.

Tal e como se destacaba no referido ditame, o punto axial da reclamación, e no que se sustentaba a súa petición indemnizatoria, era que existira un incorrecto funcionamento do Servizo de Bombeiros e que concretaba en dúas cuestións: sobre a forma de revisión da zona e das naves afectadas logo de ser controlado o primeiro incendio, xa que consideraban que non fora utilizada a cámara térmica, e por outra banda a falta de permanencia dun retén de bombeiros logo de controlado o primeiro foco.

Logo da análise detallada dos feitos e dos informes emitidos no expediente, o ditame concluía que a actuación administrativa fora correcta e que non existira a requirida relación causal entre o funcionamento do servizo e o dano padecido, polo que procedía a desestimación da reclamación interposta, coincidindo co senso da proposta remitida.

7.3. A responsabilidade patrimonial por pasividade e inactividade administrativa

Con ocasión dun expediente de responsabilidade patrimonial instruído polo Concello de Redondela polos danos e lesións ocasionados como consecuencia da

actividade de G.S.A. nas inmediacións da vivenda dos reclamantes, este Consello Consultivo tivo a oportunidade de pronunciarse verbo da pasividade e inactividade administrativa (ditame 148/16).

Como antecedente do caso sinalar que con data 21.06.2002, D. J. interpuxo ante o Concello acción de nulidade contra o acordo adoptado pola Comisión de Goberno o 21.12.1998, mediante o cal se outorgou a licenza de actividade e posta en funcionamento dunha planta de fabricación de formigón. A tramitación desa solicitude de revisión de oficio por parte do Concello non se levou a cabo senón despois de dous pronunciamentos xudiciais: a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo, do 12 de marzo de 2004, e a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 22 de marzo de 2007, que confirmou aquela, e na cal se concluíu a non conformidade a dereito da desestimación presunta, polo Concello de Redondela, da solicitude de revisión de oficio da licenza, e a obriga da súa tramitación expresa polo concello. Ademais, ambas as sentenzas aludían á concorrencia de diversas causas de nulidade no outorgamento da dita licenza.

O ditame entrou a analizar o fondo da cuestión recollendo tanto os reiterados incumprimentos da empresa, como as numerosas denuncias do reclamante, o que deu lugar a numerosos enfrontamentos persoais cos responsables da empresa, así como ás respostas e accións xudiciais de ambas as partes.

Logo dunha análise pormenorizada das sentenzas recaídas no expediente, o ditame CCG 148/16 estimaba que o expediente de revisión de oficio finalmente tramitado en cumprimento do ordenado nas devanditas sentenzas, rematou pola Resolución da Alcaldía do 02.06.2008, de conformidade co indicado no ditame, preceptivo e vinculante, emitido por este órgano consultivo no referido expediente (CCG 42/08) declarando a nulidade da licenza en cuestión e ordenando igualmente a inmediata paralización da actividade.

Pero advertía o ditame que, poucos días máis tarde, e por proposta da propia Alcaldía contida en resolución da referida autoridade do 08.07.2008, que desestimou o recurso de reposición interposto pola mercantil contra a resolución do expediente de revisión de oficio, o Pleno do Concello, logo de ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, acordou iniciar expediente para declaración de lesividade da resolución da Alcaldía do 02.06.2008 por entender que, non obstante o acatamento do ditame vinculante do Consello Consultivo de Galicia do 14 de marzo pasado, esta podía infrinxir o ordenamento xurídico ao non concorrer no acto administrativo

anulado os requisitos exixidos polo artigo 62.1 da LRXPAC, suspendendo mentres se substanciaba o procedemento de declaración de lesividade os efectos da citada resolución, o que permitiu á empresa continuar coa súa habitual actividade.

Nesa situación o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo ditou sentenza desestimatoria do 23.09.2014, na cal se pon de manifesto a conformidade a dereito da resolución que declarara a nulidade de pleno dereito da licenza.

Paralelamente e fronte ao acordo do Pleno do Concello de suspender os efectos da declaración de nulidade da licenza, co conseguente mantemento da actividade da planta, e das molestias que esta continuaba a producir, don C. interpuxo recurso especial de protección dos dereitos fundamentais, que resultou estimado parcialmente, por sentenza do 24.06.2009 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo, que estableceu que a actividade da empresa se debería paralizar en horario nocturno, entre as 22.00 e as 8.00 horas, así como nas fins de semana.

Na súa fundamentación xurídica (fundamento xurídico quinto), a sentenza constataba a existencia dos ruidos, que aparecía corroborada por diferentes informes achegados aos autos concluíndo que do conxunto probatorio analizado se concluía a existencia *“de una actividad incesante y ruidosa que si bien puede resultar justificable desde el punto de vista constitucional durante el período diurno, resulta manifiestamente inaceptable durante el período nocturno, al llegar a niveles de ruido gravemente infractores de la normativa aplicable, que por su continuidad y mantenimiento en el tiempo debe afectar necesariamente al derecho al descanso que ha de reconocerse a los habitantes de la vivienda lindante con la misma, y que por ello incide necesariamente en los derechos constitucionalmente protegidos a la vida y a la integridad física y moral, a la intimidad personal y familiar y a la inviolabilidad del domicilio en relación con el derecho al libre desarrollo de la personalidad y a un medio ambiente adecuado (...)”*.

O ditame CCG 148/16 consideraba na súa análise que, por moito que o concello mantivese que a súa actuación fora en todo momento orientada á consecución do interese público, a realidade era que, ao longo do extenso período a que se contrae a reclamación, os reclamantes viñeron soportando ruidos e molestias, de xeito continuado e durante as vinte e catro horas do día, sen que as iniciativas municipais levadas a cabo para impedi-lo resultasen eficaces.

Así, o ditame considerou que iso implicaba unha pasividade administrativa contraria ao exercicio da potestade de autotutela que habilita a executoriedade dos seus propios actos que, por se presumiren válidos producen efectos e poden executarse de xeito forzoso, non sendo que proceda en vía administrativa ou xudicial a suspensión da súa eficacia cando estean en xogo valores ou principios prevalentes que, neste caso, non constaban que concorran.

Por estas consideracións o ditame CCG 148/16 concluíu que a pasividade e inactividade do concello o facían responsable dos danos e perdas padecidos polos reclamantes como consecuencia das molestias xeradas polo funcionamento da planta de formigón, vulnerando non só o dereito fundamental á integridade física e moral (artigo 15 CE) senón tamén o dereito fundamental desta familia á intimidade e á inviolabilidade do seu domicilio que lles reconece o artigo 18.1 e 2 CE, un de cuxos elementos máis significativos é o de tutelar tamén o espazo físico domiciliario fronte aos atentados ambientais que dificulten gravemente o seu normal desfrute, segundo ten declarado a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 29.05.2003, recurso 7877/1999, con cita da STC 119/2001 do 24 de maio, que invoca a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos reflectida, entre outras, na Sentenza do 09.02.1994, caso López Ostra contra o Reino de España).

En consecuencia, acreditada a realidade dos danos, a relación de causalidade existente entre eles e a actuación municipal que deixou de adoptar medidas realmente efectivas para evitar aquela intolerable actividade ruidosa, o ditame de razón determinou que resultaba procedente declarar a responsabilidade patrimonial da Administración, tal e como solicitaban os reclamantes.

Finalmente, e xa polo que atinxe ás indemnizacións que procedía recoñecer a cada un dos afectados, e os conceptos indemnizatorios incluídos na súa solicitude, o ditame consideraba que en canto á produción dun dano efectivo, como en tantas ocasións, estabamos ante un dano substancialmente moral, cuxa determinación é de seu difícil, pois son danos que non se prestan a un cálculo exacto. No ditame este Consello Consultivo considerou que, atendida a duración das molestias, que se estenderon dende o ano 1999, en que a familia pasou a residir na vivenda, ata o ano 2014, en que se produciu o cesamento efectivo da actividade da planta, debería recoñecerse unha indemnización, por este concepto, a cada un dos interesados, por importe de 15.000 euros; cifra que resultaba acorde coas recoñecidas na vía xudicial para outros supostos similares, e que cubrían os danos pola inactividade e ineficacia da actuación municipal, sen que procedese, fronte ao instado polos reclamantes no escrito de interposición da reclamación, a súa avaliación desagregada.

7.4. A consideración dos danos futuros

Con ocasión da análise de distintos expedientes de responsabilidade patrimonial instruídos polo Concello de Ourense, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse verbo das reclamacións de responsabilidade patrimonial por danos e perdas producidas a raíz da sentenza do 09.03.2011, ditada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo, pola que adquiriu firmeza a ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 17.04.2008, en virtude da cal se anulaba a Orde do 29.04.2003, pola que se aprobou o PXOM de Ourense.

No ditame CCG 88/16 a mercantil C.S.L. presentou unha reclamación de responsabilidade patrimonial tendo en conta que a declaración de nulidade do PXOM de 2003 fixo inviable o proxecto da mercantil de construción de tres edificios nun soar que adquirira con esa finalidade, polo que consideraba que se lle ocasionara un prexuízo patrimonial de 600.000 euros, que debía ser indemnizado.

O ditame considerou na súa análise que o dereito á indemnización non xorde polo simple feito da anulación do plan, senón que é preciso, dunha banda, que o interesado teña efectuado gastos confiando na vixencia e legalidade do plan, e doutra que estes gastos debeñan inútiles.

Respecto do primeiro dos requisitos, constaba expresamente no expediente CCG 88/16 a realización de determinados gastos pola empresa reclamante destinados á adquisición de terreos, e á redacción de proxectos básicos e de obras complementarias.

Mais, a súa resarcibilidade viría condicionada á circunstancia de que estes deviñesen inútiles, requisito que, nese momento, non se cumpría, pola tramitación dun novo planeamento municipal que permitiría que os terreos tivesen novamente a consideración recoñecida no plan anulado e puidesen obter a licenza solicitada.

É dicir, tal e como destacaba o ditame CCG 88/16, en canto non finalizase a tramitación do novo planeamento non sería posible determinar se os referidos gastos resultaban ou non inútiles, o que impedía considerar que ata ese momento o dano tivera o carácter de real e efectivo, xa que a aprobación definitiva dese novo instrumento de planeamento remataría o proceso ordenador e permitiría determinar se se terían xerado danos que a Xunta de Compensación non tiña a obriga de soportar.

O mesmo podía dicirse respecto da perda de valor dos terreos, por diminución do seu aproveitamento, xa que, en todo caso, esta perda de valor só sería determinable cando rematase o proceso ordenador iniciado.

Así as cousas, aplicando a doutrina citada ao suposto sometido a ditame, este Consello Consultivo entendeu que os danos polos que se reclamaba non eran reais e efectivos, por canto a súa determinación dependía dunha situación futura, a aprobación do planeamento en tramitación.

ANEXO

ÍNDICE NUMÉRICO DE ASUNTOS SOMETIDOS A CONSULTA

0001/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don R. pola asistencia sanitaria prestada a dona L., quen faleceu no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

0002/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don M. e dona G. pola asistencia sanitaria prestada a don G., quen faleceu no Hospital Comarcal de Valdeorras

0003/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don F. polos danos e secuelas causados ao non lle practicar as probas necesarias no tratamento da súa lesión no brazo dereito

0004/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona T. e dona S. pola asistencia sanitaria prestada ao seu esposo e pai, don S., quen faleceu no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide

0005/2016

Resolución do contrato para a execución das obras de acondicionamento da área recreativa na Magdalena POS2015, subscrito o 15.05.2015 pola empresa V., S.L., e o Concello de Cedeira

0006/2016

Proxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia

0007/2016

Proxecto de decreto polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión

0008/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona G. polos danos que lle foron causados ao demorarse o diagnóstico de cancro cérvix uterino

0009/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona R. polos danos que se lle causaron como consecuencia dun erro administrativo na oferta de prazas que motivou o inicio dun proceso

de incapacidade temporal que culminou coa súa xubilación por incapacidade permanente

0010/2016

Proxecto de decreto polo que se regula a contratación en réxime laboral do persoal investigador da Axencia Galega de Innovación

0011/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don R. polo anormal funcionamento do Concello de Cedeira no seu cesamento como persoal interino no posto de técnico municipal

0012/2016

Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia

0013/2016

Proxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia

0014/2016

Proxecto de decreto polo que se regula a ordenación dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico

0015/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don C., dona B. e outros polo falecemento do seu fillo don B. ao non tratarse correctamente a pancreatite aguda que padecía

0016/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don S. e outros familiares polo falecemento de dona T. ao diagnosticarlle tardiamente un cancro de estómago

0017/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona L. e don D. polos danos causados ao seu fillo, don A. durante o parto

0018/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona P. polos danos e secuelas producidos logo de ser intervida dunha hernia inguinal

0019/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona V. polo falecemento do seu pai,

don V., por demora no diagnóstico de cancro de pulmón que padecía

0020/2016

Informe sobre o procedemento de aboamento das subvencións ás formacións políticas para gastos de funcionamento

0021/2016

Resolución do contrato administrativo de servizos de información e asistencia xurídica ás persoas usuarias do CIM do Concello de Marín

0022/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona I. pola asistencia sanitaria recibida durante o tratamento dunha lesión no seu pé dereito

0023/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona V. e don P. polos danos que lle foron causados á Sra. V. e ao seu fillo durante o parto

0024/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona V., dona L. e don V. polo falecemento de don V. debido a unha deficiente asistencia sanitaria prestada

0025/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona A. polos danos e lesións sufridos por mor dunha caída na rúa

0026/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona G. polos danos e lesións que sufriu por mor dunha caída

0027/2016

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona R. polos danos que lle foron causados ao tratar a súa fractura de calcáneo dereito

0028/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Actividades Comerciais

0029/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Impresión Gráfica

0030/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións de Laboratorio

0031/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa

0032/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social

0033/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais

0034/2016

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Xestión da Producción Gráfica

0035/2016

